


**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE
REGULAN A CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO DE
ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN, DO DESENVOLVEMENTO E
ADQUISICIÓN DE SOLUCIÓNS INNOVADORAS PARA A MELLORA DOS
SERVIZOS PÚBLICOS DE EMERXENCIAS E DE XESTIÓN DOS
RECURSOS MARIÑOS DA XUNTA DE GALICIA (CIVIL UAVs
INITIATIVE)**

Este contrato será financiado ao 100 % no marco do Eixe REACT-UE do PO FEDER GALICIA 2014-2020 como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19

Actuación 04 - Programa Estratéxico 2021-2025

Expediente: 2022_CUI/01



Táboa de contidos

1. INTRODUCCIÓN	6
1.1 ANTECEDENTES	6
1.2 AS INFRAESTRUTURAS DO POLO AEROESPACIAL	7
1.2.1 O AERÓDROMO DE ROZAS	7
1.2.2 O PARQUE INDUSTRIAL E TECNOLÓXICO DE ROZAS	9
1.2.3 SANDBOX: UNHA FERRAMENTA PARA PROMOVER A INNOVACIÓN REGULATORIA NO ÁMBITO DOS UAVS	9
1.3 DEFINICIÓNS	10
1.4 OBXECTIVOS XERAIS	12
2. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN	13
2.1 RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO	13
2.2 TIPIFICACIÓN DO CONTRATO	14
2.3 PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE	15
2.4 PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN	15
2.5 RÉXIME DE RECURSOS	15
2.6 XURISDICIÓN COMPETENTE	16
2.7 IDIOMA	16
3. ELEMENTOS DO CONTRATO	16
3.1 OBXECTO DO CONTRATO	16
3.2 VARIANTES	19
3.3 NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER	19
3.4 PREVISIÓNS EN RELACIÓN CO MODELO DE NEGOCIO	23
3.5 PRAZO DE EXECUCIÓN	23
3.6 REFERENCIA DO EXPEDIENTE / UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA/ PERFIL DO CONTRATANTE	23
4. BASES ECONÓMICAS DO CONTRATO	24
4.1 ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	24
4.2 VALOR ESTIMADO	26
4.3 PREZO DO CONTRATO	27
4.4 REVISIÓN DE PREZOS	27
4.5 REDISTRIBUCIÓN DE ANUALIDADES	27
5. CAPACIDADE PARA CONTRATAR E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR	27

5.1	CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS.....	27
5.2	UNIÓNS DE EMPRESARIOS	27
6.	O PROCEDEMENTO DE ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN.....	27
6.1	ETAPAS DO PROCEDEMENTO.....	27
6.2	SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO	31
6.2.1	DISPOSICIÓNS XERAIS.....	31
6.2.2	DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA Á SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.....	31
6.3	SELECCIÓN DOS CANDIDATOS PARA PARTICIPAR NA NEGOCIACIÓN	33
6.3.1	CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS CANDIDATOS PARA PARTICIPAR NA FASE DE NEGOCIACIÓN..	33
6.3.2	MESA ESPECIAL DO PROCEDEMENTO DE ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN.....	37
6.3.3	APERTURA DA DOCUMENTACIÓN	37
6.3.4	SELECCIÓN DE CANDIDATOS E INVITACIÓN PARA PARTICIPAR NA NEGOCIACIÓN	38
6.4	FASE DE NEGOCIACIÓN.....	38
6.4.1	PRESENTACIÓN DA OFERTA INICIAL DO PROXECTO DE I+D PARA NEGOCIAR	38
6.4.2	APERTURA DA DOCUMENTACIÓN COA OFERTA INICIAL	41
6.4.3	DESENVOLVEMENTO DA NEGOCIACIÓN.....	41
6.4.4	PRESENTACIÓN DA OFERTA FINAL	42
7.	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO	42
7.1	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	42
7.2	CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, PROBA DE TRL, ADXUDICACIÓN DA ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN	48
7.2.1	CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS.....	48
7.2.2	PROBA DE TRLS	49
7.2.3	ADXUDICACIÓN DA ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN	49
7.3	GARANTÍA DEFINITIVA.....	51
8.	FORMALIZACIÓN DA ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN.....	52
9.	EXECUCIÓN DA ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN	52
9.1	FORMA DE EXECUCIÓN E OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA	52
9.2	ESTRUTURA E EXECUCIÓN DA ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN	53
9.2.1	FASE DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO	53
9.2.2	FASE DE ADQUISICIÓN, IMPLEMENTACIÓN OU DESPREGAMENTO	60

9.3 DIRECCIÓN TÉCNICA DO PROXECTO	65
9.3.1 CONTROL E SEGUIMENTO DA FASE DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO (FASES DE CREACIÓN E OPERACIÓN DAS SOLUCIÓNS).....	66
9.3.2 CONTROL E SEGUIMENTO DA FASE DE DESPREGAMENTO, IMPLEMENTACIÓN OU ADQUISICIÓN.....	68
9.4 INTEGRACIÓN NO MARCO DA CIVIL UAV INITIAVE.....	69
9.5 PARTICIPACIÓN DO INSTITUTO NACIONAL DE TÉCNICA AEROESPACIAL	69
9.6 AVALIACIÓN E MONITORIZACIÓN DA CIVIL UAVs INITIATIVE	70
9.7 IDENTIFICACIÓN E SEGUIMENTO DE RISCOS.....	70
9.8 CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS	70
9.9 ESTRATEXIA INTEGRAL DE DATOS DA CIVIL UAVs INITIATIVE.....	70
9.10 PARTICIPACIÓN DA ENTIDADE ADXUDICATARIA NA CREACIÓN DUN SANDBOX EN ROZAS	70
9.11 GARANTÍAS DE PRODUTOS E SERVIZOS RESULTANTES.....	71
9.12 FORMA DE PAGAMENTO	71
9.13 PROPIEDAD DE LOS TRABALLOS.....	71
9.14 CONTROL E REINVESTIMENTO DOS BENEFICIOS ECONÓMICOS OBTIDOS NO MARCO DO PRESENTE CONTRATO	73
9.15 PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN	74
9.16 ENXEÑERÍA DE VALOR (Value engineering)	75
9.17 CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN	76
9.18 PENALIDADES.....	76
9.19 RESOLUCIÓN DO CONTRATO	77
ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN	78
ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPLEMENTARIA (Ao DEUC)	79
ANEXO III. FICHA PARA PRESENTACIÓN DE REFERENCIAS (CRITERIOS PUNTUABLES DE SOLVENCIA)	82
ANEXO IV-A. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR	83
ANEXO IV-B. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR REXISTRADO NO REXISTRO XERAL DE CONTRATISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA/REXISTRO OFICIAL DE LICITADORES E EMPRESAS CLASIFICADAS DO SECTOR PÚBLICO	85
ANEXO V. PROPOSTA DE PREZOS	86
Parte A. Prezo.	86
Parte B: Información práctica sobre os custos.....	86

ANEXO VI. <i>TECHNOLOGY READNESS LEVELS</i> (TRL) DA CIVIL UAVs INITIATIVE.....	87
ANEXO VII. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS PRESTADOS POLO CIAR DE ROZAS	91
ANEXO VIII. PROTECCIÓN DE DATOS	93
1. PROTECCIÓN DE DATOS.	93
1.1. NORMATIVA.....	93
1.2. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS	93
1.3. IDENTIFICACIÓN DA INFORMACIÓN AFECTADA.	93
2. OBRIGACIÓNS DO/A ENCARGADO DO/A TRATAMENTO (ESTIPULACIÓNS COMO ENCARGADO/A DE TRATAMENTO)	94

1. INTRODUCCIÓN

1.1 ANTECEDENTES

A Civil UAVS Initiative é unha Iniciativa Estratéxica pioneira en Europa que, impulsada pola Xunta de Galicia mediante un esquema de colaboración público-privada, ten como obxectivo atraer investimentos no sector aeroespacial e desenvolver a industria de sistemas e de vehículos non tripulados orientados a mellorar a prestación de servizos públicos no ámbito civil, dando resposta a un conxunto de retos do sector público.

Ao redor desta iniciativa xerouse unha comunidade de innovación, na que participa unha gran variedade de actores: empresas, centros tecnolóxicos, universidades e grupos de investigación.

Tras o seu primeiro período operativo, que abarcou os anos 2015-2020, a Civil UAVs Initiative consolidouse como o principal instrumento da política industrial e de I+D+i da Xunta de Galicia no sector aeronáutico e contribuíu ao desenvolvemento do polo aeroespacial de Galicia. Durante este período, a Xunta de Galicia investiu 84 millóns de euros na Civil UAVs Initiative, mobilizando financiamento do sector privado ata por un total de 164 millóns de euros de investimento. Estes investimentos deron lugar, entre outros fitos, á xeración de 62 produtos e solucións, á participación de varias entidades do Goberno de España e de tres grandes empresas do sector aeroespacial (que mobilizaron a unhas 50 empresas e centros tecnolóxicos do ecosistema rexional) e á creación dunha infraestrutura tecnolóxica única en Rozas (Lugo).

Co obxectivo de consolidar o sector aeroespacial en Galicia, continuar apoiando ás empresas e centros de coñecemento, atraer novos investimentos e, en definitiva, fortalecer o tecido local e a creación de emprego, a Xunta **de Galicia decidiu impulsar a Civil UAVs Initiative durante un novo período de cinco anos, dende 2021 a 2025.**

Neste sentido, Galicia aspira a continuar sendo o epicentro da I+D+i en UAV en España e, dende Galicia, fomentar a creación de mercados nacionais e internacionais para a comercialización de produtos, tecnoloxías e solucións creados no marco desta Iniciativa. No novo período 2021-2025, a Xunta de Galicia incrementará notablemente o seu investimento con fondos propios, co obxectivo de mobilizar, xunto ao financiamento proveniente doutras entidades, fondos e o investimento privado, un total de 540 millóns de euros de investimento público-privado.

A Civil UAVs Initiative 2021-2025 estrutúrase a nivel programático en dous niveis: programas e actuacións.

Nun primeiro nivel, deseñáronse sete Programas que agrupan e resumen tematicamente as grandes liñas de acción prioritarias da Civil UAVs Initiative no marco do Plan nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia e da nova Política de Cohesión europea.

- Programa 1: Programa conxunto de I+D+i.
- Programa 2: Programa de solucións.
- Programa 3: Programa de investigación científica.
- Programa 4: Programa de infraestruturas.
- Programa 5: Programa de competitividade.
- Programa 6: Programa de talento.
- Programa 7: Programa de vocacións científico-tecnolóxicas.

Os Programas divídense en 30 Actuacións concretas (que, de ser o caso, se dividen en medidas) para as que se identificaron diferentes factores e características que deberán terse en conta na execución do plan, como os seus indicadores, a súa instrumentación e o seu financiamento.

A presente licitación, denominada “Desenvolvemento e adquisición de solucións innovadoras para a mellora dos servizos públicos de emerxencias e de xestión dos recursos mariños da Xunta de Galicia”, refírese á Actuación 04 “Solucións 21-22”, pertencente ao Programa 2 “Programa de Solucións” do Plan Estratéxico 2021-2025 da Civil UAVs Initiative.

1.2 AS INFRAESTRUTURAS DO POLO AEROESPACIAL

A Civil UAVs Initiative conta coas seguintes infraestruturas para o cumprimento dos seus obxectivos e retos no novo período.

1.2.1 O AERÓDROMO DE ROZAS

O Aeródromo de Rozas é a principal infraestrutura ao redor da cal se desenvolveu a Civil UAVs Initiative. Dentro do propio aeródromo construíuse o Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (en diante CIAR) e un parque industrial.

Situado no termo municipal de Castro de Rei, na provincia de Lugo, a 15,2 quilómetros da cidade de Lugo, o aeródromo de Rozas foi construído en 1943. Actualmente, o Real Aeroclub de Lugo é o xestor aeronáutico do campo, a propiedade é do Ministerio de Defensa e a súa xestión está encomendada ao Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA) —Organismo Público de Investigación (OPI) da Administración xeral do Estado e principal referente da I+D+i aeroespacial en España—. En relación co Centro Mixto de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR), a Xunta de Galicia asinou co INTA convenios para a dotación de infraestruturas (2014), a constitución como centro mixto (2015) e a xestión compartida do centro (2020). Así mesmo, ambas as institucións asinaron diferentes acordos para o desenvolvemento do parque industrial.

Dende o 2015, o CIAR foi creado, a iniciativa do INTA, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Ciencia e Innovación, como unha infraestrutura científico-tecnolóxica única dedicada a promover a I+D+i en UAV; para este fin destináronse fondos propios e fondos europeos.

A diferenza das infraestruturas que existen noutros países, que non ofrecen as condicións necesarias en materia de seguridade e xestión, o CIAR converteuse nunha infraestrutura pioneira e única para a realización de ensaios con vehículos non tripulados. Cun investimento de máis de 10 millóns de euros dende o 2015, o CIAR é xestionado de forma conxunta pola Xunta de Galicia e polo INTA.

Ofrece un servizo para a realización de ensaios de plataformas aéreas, tanto tripuladas como non tripuladas, e dispón dun avanzado equipamento que fai do CIAR un dos centros de referencia a nivel europeo nesta materia. A través do CIAR, cun amplo e moderno equipamento científico, así como un centro de control de ensaios, unha sala de control de misións e un centro de simulación, ponse á disposición de empresas e doutras organizacións, tanto públicas como privadas, unha infraestrutura única en Europa para a realización de ensaios.

O CIAR dispón de todo o equipamento necesario para a operación segura de aeronaves tanto tripuladas como non tripuladas. Conta cun emprazamento privilexiado onde os UAV poden voar en espazo restrinxido,

favorecendo os ensaios necesarios para o desenvolvemento de UAV, dos seus sistemas e os seus subsistemas, así como das súas cargas de pago (sensores e instrumentación para diferentes aplicacións) e a avaliación das campañas de voos realizadas nunha contorna eficiente e segura.

O espazo aéreo en torno ao CIAR pódese segregar, unha característica especialmente orientada ao ensaio de RPA, e dispón duns servizos de valor engadido que permiten testar solucións específicas que necesiten ser probadas no contexto dos RPA e de xestión do tráfico UTM e a súa integración con sistemas ATM. Pódese segregar un corredor que se estende ata 180 km de distancia e permite alcanzar o espazo marítimo do océano Atlántico a través da costa de Lugo.

Entre os seus elementos e infraestruturas destacan os seguintes:

- O equipamento en sensores: inclúe un sistema de planificación de misións e definición de *geofences* con outras misións planificadas; un punto único de control; e un sistema flexible e áxil para a captura de todos os datos que precisan ser medidos nos ensaios, a súa transmisión, gravación e distribución.
- O Centro de Control de ensaios: é o núcleo operativo do CIAR no que se xestionan tres facetas esenciais das operacións que se realizan nel, en concreto a seguridade operativa, a instrumentación e a supervisión da operación do usuario do CIAR por parte do INTA.
- O sistema para a seguridade e o control do voo: permite garantir a seguridade (a nivel estratéxico e táctico) nos experimentos, tanto de investigación como de validación e certificación, do concepto operacional ATM, para que sexa posible soportar a coexistencia de diferentes voos (todos eles cooperativos e con transpondedor —existencia de Radar Secundario—) no que as aeronaves transmiten a súa posición, identificación e características e se validan os novo Servizos de Xestión de Tráfico Aéreo non Tripulado.
- O sistema de comunicacións: componse de cinco postos de control con capacidades de comunicacións de voz básicas para o CIAR (con control de tráfico aéreo, con outros centros de control, con terra e aire) e con capacidade de evolución ata extensas redes de comunicacións terra-aire e terra-terra. Dispón ademais dun sistema que lles permite acceder aos recursos radio de forma compartida, con control dos privilexios e dispoñer dun sistema de comunicación co resto das localizacións do centro.
- O sistema meteorolóxico *in situ*: trátase dunha plataforma de operación similar á dun sistema aeroportuario con sistemas de control de voo en tempo real e todas as funcións de sistema de estudo, predición e modelización meteorolóxica. Utiliza un modelo meteorolóxico de alta resolución (baseado en modelización WRF para a planificación dos voos a curto prazo, nun rango de 9 a 24 h.
- Simulador U-Space: sistema capacitado para a prestación de servizos de seguridade das operacións de ensaios de avións tripulados e non tripulados. Inclúe planificación segura de misións, información permanente de actividade no espazo aéreo circundante, xeración de datos e métricas relevantes para os usuarios, seguimento de funcionalidades ATM e identificación de fallos de seguridade.
- Business Factory Aero (BFAero): aceleradora de empresas de carácter vertical que busca promover o desenvolvemento de empresas innovadoras do sector aeronáutico galego. Está impulsada por

empresas líderes do sector e outras institucións públicas e privadas colaboradoras e, por outra banda, atópase aberta calquera outra empresa ou entidade que desexen participar nela.

1.2.2 O PARQUE INDUSTRIAL E TECNOLÓXICO DE ROZAS

O Parque Industrial de Rozas (PIR) sitúase dentro das instalacións do aeródromo de Rozas (Concello de Castro de Rei, Lugo), ao nordés do hangar do CIAR.

Trátase dunha infraestrutura de carácter empresarial e tecnolóxico cuxo obxectivo é atraer investimentos estables de empresas do sector aeroespacial a Galicia. Funciona como unha infraestrutura complementaria ás instalacións e infraestruturas do CIAR e está destinado a empresas de carácter industrial e relacionadas coa investigación, o desenvolvemento e a fabricación de sistemas UAVs. Urbanizada xa a primeira fase, a Xunta de Galicia contempla o desenvolvemento de dúas fases adicionais, que abranguerá unha superficie total de 58.134,67 m².

O desenvolvemento do Parque e a construción de diversos edificios e hangares nos seus terreos constitúen o obxecto de varias actuacións e programas da Civil UAVs Initiative no novo período de programación.

1.2.3 O SANDBOX DE ROZAS: UNHA FERRAMENTA PARA PROMOVER A INNOVACIÓN REGULATORIA NO ÁMBITO DOS UAVS

As características innovadoras inherentes ás solucións e proxectos que implican tecnoloxía de UAV topan, superan ou mesmo entran en conflito coa normativa vixente. Neste sentido, a Civil UAVs Initiative pon á disposición dos adxudicatarios o sandbox de Rozas, un espazo de experimentación para promover a innovación dentro dunha contorna segura.

Os sistemas “sandbox” permiten coñecer en maior profundidade os beneficios e riscos dun novo produto ou modelo de negocio, dando a posibilidade de afinar e axustar as innovacións nunha contorna de mercado. Desta forma, minimízase a inseguridade xurídica e axúdase a mellorar o acceso ao investimento ao ofrecerlles un marco seguro e predicible aos proxectos de innovación. Ao mesmo tempo, facilita a colaboración entre administracións públicas, empresas e usuarios, contribuíndo a modernizar o contexto regulatorio das actividades produtivas e, por encima de todo, asegurando a protección dos dereitos dos cidadáns.

É moi frecuente que os proxectos tecnolóxicos pasen por unha fase que non ten cabida no marco regulatorio establecido, precisamente polo seu carácter innovador. A ausencia dun marco regulatorio adaptado pode impedir ou atrasar significativamente a realización de probas ou estudos piloto, retardando así a chegada de novas solucións ao mercado que poden beneficiar ao conxunto da sociedade.

A Civil UAVs Initiative pretende tamén analizar e, no seu caso, impulsar e colaborar na creación dun “sandbox regulatorio” no ámbito dos UAV.

Os “sandboxes” regulatorios poden ser utilizados polas autoridades e as empresas para coñecer ben as oportunidades e os riscos que presentan as innovacións a través do proceso de proba, e as leccións aprendidas poden informar a resposta reguladora e supervisora adecuada.

É necesario aclarar que os sandboxes (o “caixóns de area” na súa tradución do inglés) non implican a inaplicación das obrigacións regulamentarias que se deben impoñer e, con todo, poden implicar o exercicio

dos poderes de supervisión ou dos mecanismos de proporcionalidade que xa están á disposición das autoridades competentes en relación coas empresas dentro ou fóra do recinto de seguridade.

Con este enfoque, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación en colaboración co INTA, pretende avanzar na posibilidade de establecer innovacións regulatorias nas súas áreas de competencia e/ou trasladándolles ás autoridades competentes as propostas recibidas, facilitando así, por exemplo, os ensaios e probas piloto con todo tipo de novas tecnoloxías.

O obxectivo é levar a cabo unha análise das prácticas para fundamentar un conxunto de suxestións relativas a modificacións do marco xurídico para facilitar o establecemento, se procede, dunha caixa de area reguladora.

Por iso, a través da presente licitación, as empresas licitadoras, co coñecemento xerado durante a execución do contrato, contribuirán a mellorar as operacións de mobilidade aérea do futuro e o marco normativo aplicable.

No ámbito dos compoñentes da infraestrutura do CIAR e de Rozas, identificáronse os seguintes compoñentes prioritarios como elementos dun futuro sandbox regulatorio de tecnoloxías e aplicacións de UAV:

- Sistemas de simulación estratéxica e táctica de operacións con UAV
- Contorno de tecnoloxía 4G e 5G para o seu uso como ligazón de comunicacións en operacións BVLOS
- Sistemas de aterraxe e engalaxe vertical (Vertiports)
- Micrometeoroloxía
- Sistemas D&A en terra
- Equipamento de corredores de ensaio
- Sincronización UTM-ATM
- Sistema de ciberseguridade nas comunicacións

1.3 DEFINICIÓNS

- **Innovación:** introdución dun produto, servizo ou proceso novo ou significativamente mellorado, que inclúe, entre outros, os procesos de produción, edificación ou construción, un novo método de comercialización ou un novo método de organización de prácticas empresariais, a organización do lugar de traballo ou as relacións exteriores, co obxectivo de axudar a resolver desafíos da sociedade e contribuír a un crecemento intelixente, sostible e integrador.
- **Asociación para a Innovación:** procedemento de adxudicación especialmente deseñado para os casos en que resulte necesario realizar actividades de investigación e desenvolvemento respecto de obras, servizos e produtos innovadores, para a súa posterior adquisición pola Administración, cando as solucións dispoñibles no mercado non satisfagan as necesidades do órgano de contratación.
- **Aeródromo de Rozas:** Terreo provisto de pistas e demais instalacións e infraestruturas necesarias para a

engalaxe e aterraxe de avións.

- **Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (en diante, CIAR).** Ten a natureza e carácter de Centro Mixto de titularidade compartida entre a Administración do Estado e a administración da Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto no artigo 34 e DA 21.^a da Lei 14/2011, do 1 de xuño da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. Situado no aeródromo de Rozas, para os efectos da Civil UAVs Initiative, o CIAR é unha infraestrutura á disposición de calquera operador económico que desexe facer uso das súas infraestruturas e equipos. Estes medios, recursos e infraestruturas adscritos actualmente ao CIAR describíense no Anexo VII.
- **Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA):** Principal organismo público de investigación español no sector aeroespacial, dependente do Ministerio de Defensa. O INTA actúa como xestor do CIAR, coa obrigaón de que o acceso a el sexa aberto a calquera operador económico. Para os efectos da Civil UAVs Initiative, o INTA é un organismo de investigación e, como tal, pode comercializar os seus servizos e participar nas licitacións da CUI, sempre que estes servizos estean claramente diferenciados e separados da actividade do CIAR.
- **Sandbox regulatorio de tecnoloxías e aplicacións de UAV:** contorna controlada de probas, localizada no aeródromo de Rozas, na que se poderán probar tecnoloxías e aplicacións relacionadas con drones que, polas súas características, vaian máis aló ou non estean permitidas pola normativa vixente.
- **Consultas preliminares do mercado:** É un instrumento ou práctica que se desenvolve durante a fase preparatoria dos contratos, ao que poden acudir as entidades contratantes coa finalidade de obter información sobre a capacidade do mercado, o estado da ciencia ou tecnoloxía e informar os operadores económicos sobre os proxectos e os requisitos das futuras contratacións.
- **Usuarios pioneiros:** de acordo coa Comisión Europea, os usuarios pioneiros son o primeiro 20 % dos clientes nun mercado que compuran un produto, servizo ou proceso novo ou significativamente mellorado. Isto abrangue a adquisición de produtos, servizos ou procesos que xa foron probados a pequena escala e que poden estar a piques de ingresar no mercado ou xa están no mercado en pequenas cantidades, pero que aínda non foron amplamente adoptados. Tamén inclúe solucións existentes que se utilizarán dunha maneira nova ou innovadora.

Os departamentos e entidades da Xunta de Galicia que teñen competencias sobre os servizos públicos que serán obxecto de mellora co uso de UAVs, serán os usuarios pioneiros das solucións creadas no marco da presente licitación.

- **Nivel de madurez da tecnoloxía (ou Technology Readiness Level polas súas siglas en inglés, TRL):** método estándar internacional para a valoración da madurez tecnolóxica dos compoñentes ou produtos que se están desenvolvendo nun proxecto de investigación e innovación (Anexo VI).
- **Fases da Asociación para a Innovación:** o conxunto de fases en que se estrutura o procedemento de Asociación para a Innovación obxecto do presente contrato con vistas ao desenvolvemento e, se procede, adquisición ou despregamento da solución innovadora. A Asociación para a Innovación estrutúrase en dúas grandes fases atendendo ao grao de madurez tecnolóxica (TRL) da solución: unha fase de investigación e desenvolvemento e, se procede, outra fase relativa á adquisición, implementación ou

despregamento das solucións desenvolvidas.

- **Fase de Investigación e desenvolvemento (I+D):** etapa da Asociación para a Innovación que ten por obxecto a realización de servizos de investigación e desenvolvemento das solucións. En cada contrato, a fase de investigación e desenvolvemento subdivídese nas seguintes actuacións ou fases:
 - **Fase de creación da solución:** refírese ao período que vai dende a formalización do contrato, entre o órgano de contratación (GAIN) e o operador ou operadores seleccionados (adxudicatario), ata a demostración final da solución coa superación da operación de cualificación. A Operación de cualificación é a proba ou conxunto de probas do sistema nunha contorna real que permitan afirmar que a solución está en TRL9 (Véxase definición de TRLs - anexo VI): Demostración dunha misión completa do sistema na súa forma definitiva e en condicións reais; uso do sistema en condicións de misión operacionais; execución e operación do sistema con éxito na contorna operativa real; proba documental dos resultados operativos da misión
 - **Fase de operación da solución:** período de tempo que vai entre a superación da operación de cualificación e a finalización da fase de investigación e desenvolvemento. Durante este período deberá operarse a solución, demostrando a validez do modelo de negocio exposto.
- **Fase de adquisición, implementación ou despregamento da solución:** fase dependente da anterior na que a Administración poderá adquirir as solucións desenvolvidas sempre que alcancen os requisitos, niveis de rendemento e custos acordados. O obxecto desta fase, con carácter xeral, será a adquisición polo usuario ou usuarios da Xunta de Galicia da solución desenvolvida que supere a fase de operación ou, en función das súas características, o seu despregamento ou implementación como servizo.
- **Custo do ciclo de vida do produto ou servizo (Life Cycle Costing-LCC) ou Custo total da propiedade (Total Cost of Ownership-TCO):** LCC/TCO supón considerar a totalidade dos custos nos que se incorrerá durante toda a vida útil do produto ou servizo, incluíndo (entre outros) o custo de compra ou adquisición e os seus custos asociados (entrega, instalación, seguros, etc.), os custos de operación (incluídos os consumos enerxéticos, de combustible, auga, repostos, mantemento, etc.) e os custos asociados ao fin de vida do produto ou servizo (como o desmantelamento ou eliminación). Este concepto empregárase como criterio para valorar a relación calidade-prezo da oferta.
- **Enxeñería de Valor (Value engineering):** A suma de actividades e accións, co obxectivo de asegurar que o contratista cumpra coas súas obrigacións de modo que aumente o valor engadido da Administración contratante. Estas actividades e accións apuntan ao desenvolvemento innovador, á organización eficaz e/ou eficiente do proxecto ou similar.

1.4 OBXECTIVOS XERAIS

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e, en concreto, o conxunto de departamentos e/ou entidades que se describen no prego de prescricións funcionais, procura unha serie de obxectivos xerais coa publicación desta licitación:

- O desenvolvemento de solucións innovadoras en materia de vehículos aéreos non tripulados ata o seu despregamento, se procede, con vistas a dar resposta aos retos e necesidades da Administración galega e dos seus cidadáns.
- Facilitar a adquisición da solución para a súa fase de despregamento, se esta demostra cubrir as necesidades para as que foi deseñada.
- Obter un servizo de calidade ao mellor custo, dando resposta ás necesidades expresadas no Prego de prescricións funcionais.
- Alcanzar a solución mellor deseñada para satisfacer as necesidades dos usuarios, coa mellor relación calidade-prezo (*value for money*) e ao mínimo custo total do produto ou servizo durante todo o seu ciclo de vida.
- Apoiar aquelas propostas que demostren un aliñamento estratéxico cos obxectivos da CIVIL UAV INITIATIVE.

Estes obxectivos concréntanse en obxectivos específicos correspondentes a cada lote na cláusula 3.1.

2. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

2.1 RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

O ente contratante considérase Administración Pública, segundo o establecido no artigo 3 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

O órgano de contratación é a Dirección da Axencia Galega de Innovación (en diante GAIN), en virtude do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e o establecido no estatuto de GAIN, aprobado polo Decreto autonómico 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (Diario Oficial de Galicia núm. 19, do 27 de xaneiro).

A presente contratación rexeráse polo disposto neste prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP) no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigacións que asumirán as partes. Así mesmo, rexeráse polo prego de prescricións funcionais (en diante PPF), que regulan as características da prestación que é obxecto da contratación, así como a súa execución.

O descoñecemento dos pregos do contrato, dos seus documentos anexos ou das instrucións ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado non eximirá ao contratista da obrigación do seu cumprimento.

Catro dos lotes do presente expediente (lotes 1, 2, 3 e 4) están financiados ao 100 % con fondos europeos a través do Programa Operativo FEDER de Galicia 2014-2020 (no marco do instrumento REACT-EU), como parte do seu Eixe Prioritario 20 (*EP20. Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de Covid-19 e as súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía*), Obxectivo Específico 20.1.2 (*OE 20.1.2 - OE REACT-UE 2. Apoio aos investimentos que contribúan á transición cara a unha economía dixital*) e da súa Prioridade de Investimento 13i (*(FEDER) Fomento da reparación da crise no*

contexto da pandemia de Covid-19 e preparación dunha recuperación verde, dixital e resiliente da economía), liña de actuación 74 (“Medidas de impulso á innovación no sector aeroespacial a través da demanda de dixitalización da Administración Pública e a creación de solucións innovadoras baseadas en sistemas e vehículos non tripulados”); e Actuación CPSO 20.1.2.6 (“Medidas de impulso da innovación no sector aeroespacial a través da demanda de dixitalización da Administración Pública e a creación de solucións innovadoras baseadas en sistemas e vehículos UAVs”). En consecuencia, este contrato deberá someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea, do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e aos actos fixados en virtude destes que resulten de aplicación e, en particular, ao disposto no Regulamento (UE) 2020/2221 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de decembro de 2020, sobre REACT-EU, o Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 (Regulamento de Disposicións Comúns), o Regulamento (UE) Nº 1301/2013 do 17 de decembro de 2013, sobre o FEDER, e a súa normativa de desenvolvemento; seranlle tamén de aplicación, no que afecte a REACT-EU e FEDER, as disposicións do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e a súa normativa de desenvolvemento.

Neste sentido e, de conformidade co disposto no artigo 129 do Regulamento UE 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, o adxudicatario deberá comprometerse por escrito a conceder os dereitos e o acceso necesarios para que o computador competente, a Fiscalía Europea respecto dos Estados membros participantes na cooperación reforzada en virtude do Regulamento (UE) 2017/1939, a OLAF, o Tribunal de Contas e, cando cumpra, as autoridades nacionais competentes, exerzan plenamente as súas competencias respectivas, incluído o dereito a realizar investigacións, inspeccións e controis *in situ*. Así mesmo, o adxudicatario deberá garantir que os terceiros implicados na execución dos fondos da Unión (como subcontratistas) concedan dereitos equivalentes.

Tamén se aplicarán as medidas antifraude e de prevención de conflitos de intereses previstas no artigo 125 do Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013; o Regulamento (UE) 2020/2221 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de decembro de 2020; a Avaliación do risco de fraude e medidas efectivas e proporcionadas contra o fraude (DG REGIO) EGESIF_14-0021-00; 16/06/2014 (Guidance Note on fraud risk assessment for 2014-2020); e, no que resulte de aplicación a REACT-EU, a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e a súa normativa de desenvolvemento.

2.2 TIPIFICACIÓN DO CONTRATO

A presente contratación ten como finalidade o desenvolvemento dunha solución innovadora e a compra ulterior dos servizos e/ou subministros resultantes, sempre que se correspondan cos niveis de rendemento e cos custos máximos acordados entre o órgano de contratación e os participantes.

A presente contratación está suxeita a regulación harmonizada.

2.3 PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

Para a adxudicación da presente contratación aplicárase o procedemento de Asociación para a Innovación, conforme o disposto nos artigos 177 a 182 da LCSP.

O obxecto do presente contrato está dividido en cinco lotes, que se detallan na cláusula 3.1.

A tramitación do expediente de contratación adoptará a forma ordinaria.

2.4 PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN

Todas as decisións sobre a selección dos licitadores e adxudicación do procedemento, así como o anuncio dos actos públicos da mesa de contratación, publicaranse no perfil do contratante da Axencia Galega de Innovación aloxado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia:

<https://www.contratosdegalia.gal/consultaOrganismo.jsp?lang=gl&ID=800&N=231&OR=231>

Adicionalmente, poderán ser publicados no Diario Oficial de Galicia ou noutro boletín oficial, se o órgano de contratación o estima conveniente.

O órgano de contratación poderá requirir-lles por escrito aos licitadores aclaracións, informacións adicionais ou certificacións das propostas, dos documentos achegados ou das manifestacións efectuadas no procedemento, dando un período de tempo razoable de ata un máximo de tres (3) días hábiles para cumprir con este requirimento. O requirimento poderá incluír un aviso de exclusión do licitador en caso de incumprimento.

2.5 RÉXIME DE RECURSOS

Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os actos relacionados no apartado 2 do artigo 44 da LCSP.

A lexitimación para interpor o recurso especial, a iniciación do procedemento, o prazo, a forma e o lugar de interposición e a solicitude de medidas cautelares recóllense nos artigos 48, 49, 50 e 51 da LCSP, aos que se lles aplicarán as especialidades previstas no artigo 58 do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O coñecemento e a resolución dos recursos especiais en materia de contratación que se interpoñan, en relación co procedemento, estalle encomendadas ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola disposición final segunda da Lei 1/2015 do 1 de abril de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración, e adscrito á Consellería de Facenda. O escrito de interposición do recurso especial presentarase por vía electrónica a través do seguinte enderezo:
<https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>.

Os defectos de tramitación que afecten a actos distintos dos contemplados no apartado 2 do artigo 44 da LCSP poderán ser postos de manifesto polos interesados ante o órgano ao que lle corresponda a instrución do expediente ou o órgano de contratación, para os efectos da súa corrección conforme dereito, e sen

prexuízo de que as irregularidades que lles afecten poidan ser alegadas polos interesados ao recorrer o acto de adxudicación.

As cuestións relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción do contrato ou contratos administrativos, derivados do presente procedemento, nos casos en que non proceda a interposición do recurso especial, poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2.6 XURISDICIÓN COMPETENTE

A resolución das cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, modificación, cumprimento e extinción do contrato ou contratos administrativos que puidesen derivarse da presente contratación, será competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, tal e como se establece no artigo 27 da LCSP e no artigo 2.1.b) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (en diante, LXCA).

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa tamén coñecerá dos recursos interpostos contra as resolucións que se diten polo órgano de resolución de recursos previsto no artigo 46 da LCSP e no artigo 10 da LXCA.

2.7 IDIOMA

Os pregos serán publicados en galego e castelán. No caso de discrepancia entre as distintas versións prevalecerá a versión en castelán.

A documentación e ofertas técnicas que presenten os candidatos/as e socios/as durante a súa participación no presente procedemento deberán estar redactadas en galego ou castelán.

3. ELEMENTOS DO CONTRATO

3.1 OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto da presente licitación abarcará tanto o desenvolvemento das solucións innovadoras a través de servizos de investigación e desenvolvemento, como a súa adquisición ulterior polo órgano de contratación, sempre que as citadas solucións se axusten aos niveis de rendemento e custos máximos acordados entre o órgano de contratación e os socios. A finalidade última da presente contratación é a adquisición de solucións innovadoras para a súa incorporación á carteira de servizos da Xunta de Galicia que melloran a súa eficacia, eficiencia ou seguridade mediante o uso de UAV e as tecnoloxías vinculadas.

Na presente licitación prevense os seguintes lotes:

- **Lote 1: Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a atención sanitaria urxente no Camiño de Santiago por medio de UAV.**

O presente lote abarca o servizo de investigación e desenvolvemento e, se procede, a posta en servizo da solución de transporte urxente de material sanitario para a atención de urxencias sanitarias con sospeitas de parada cardio-respiratoria (PCR) e doutros casos que requiran atención urxente no

Camiño de Santiago francés (necesidade principal) e na contorna rural adxacente ao Camiño (necesidade complementaria). Así mesmo, abarcará a funcionalidade de transporte de material sanitario entre dous puntos, como medio de demostración desta capacidade en contornas rurais que poidan ter dificultades de acceso por condicións meteorolóxicas ou por outras eventualidades.

A solución que se pretende non constitúe unha solución substitutiva dos medios actuais (esencialmente ambulancias), senón que se trata dunha solución complementaria con dous obxectivos específicos principais:

- Complementar os medios dispoñibles.
 - Permitir a redución dos tempos de asistencia en casos de especial gravidade.
- **Lote 2: Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora de monitorización de zonas forestais para a prevención, extinción de incendios e restauración post-incendios por medio de UAV.**

O presente lote ten por obxecto o servizo de investigación e desenvolvemento e, de ser o caso, a posta en servizo do sistema experto para a monitorización de zonas forestais con risco de incendio, para prevención de incendios forestais, a monitorización de incendios forestais e a monitorización de zonas forestais para implementación de medidas de restauración post-incendio.

A solución deberá permitir a consecución dos seguintes obxectivos específicos:

- Obxectivo do sistema de prevención: permitir a detección temperá de incendios nos períodos críticos a fin de evitar a súa evolución a grandes incendios.
 - Obxectivo de sistema de extinción: permitir un seguimento preciso da evolución do incendio incluíndo os períodos nocturnos.
 - Obxectivo do sistema de recuperación: detectar os parámetros críticos de rexeneración post-incendio.
- **Lote 3: Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a inspección e vixilancia pesqueira, marisqueira e acuícola, por medio de UAV.**

O obxecto do lote consiste no servizo de investigación e desenvolvemento e, se procede, a posta en servizo do sistema experto para a xestión de inspeccións, xestionando de maneira integral o proceso de inspección, dende a detección da posible infracción mediante observación manual ou automática ata a xeración da acta de inspección susceptible de acadar a validez legal. Con este servizo daráselle resposta aos labores de vixilancia, tanto das zonas pesqueiras como das zonas de produción de moluscos, así como o control das condicións das instalacións de cultivos mariños na zona marítima e marítimo-terrestre.

Os obxectivos específicos deste servizo son mellorar a eficiencia das inspeccións pesqueiras, tanto de frota como de cultivo de marisco mediante bateas. Deberanse expoñer claramente as melloras en tempos de inspección, en cantidades de elementos a inspeccionar.

- **Lote 4: Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a localización de persoas extraviadas por medio de UAV.**

O lote ten por obxecto o servizo de investigación e desenvolvemento e, se procede, a posta en servizo dun sistema que permita á Axencia Galega de Emerxencias (en diante AXEGA) actuar e localizar a persoas extraviadas no menor tempo posible, mediante o uso de vehículos aéreos non tripulados.

Ten como obxectivo específico reducir significativamente a taxa de fracaso na procura de persoas extraviadas. Este tipo de misión ten unhas taxas de éxito exiguas, polo que se pretende mellorar de maneira moi significativa a taxa de éxito deste tipo de buscas.

- **Lote 5: Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a análise de poboacións de sementes de mexillón e especies cohabitantes por medio de UAV.**

O lote ten por obxecto o servizo de investigación e desenvolvemento e, se procede, a posta a punto dun servizo de apoio á análise das poboacións de semente de mexillón (*Mytilus Galloprovincialis*) e especies cohabitantes en hábitats intermareais rochosos baseado no uso de aeronaves non tripuladas.

A solución que se pretende constitúe unha primeira aproximación a unha recollida masiva de información que permita estudar a variabilidade temporal da mexilla (semente de mexillón) no litoral galego, así como a avaliación da distribución doutras especies coma o percebe. Esta solución ten dous obxectivos específicos principais:

- Facilitar a adquisición sistemática de imaxes en dous períodos concretos: outubro-décembro e marzo-maio.
- Facilitar a análise desta información a través da dispoñibilidade de ferramentas de visualización e análise que permitan mellorar a xestión destes recursos.

Calquera licitador poderá presentarse a un ou varios lotes.

Nomenclaturas:

- **CPV (Vocabulario común de contratos):**
 - **CPV comúns aos todos os lotes:** 72000000-5 (Servizos TI: consultoría, desenvolvemento de software, Internet e apoio), 73000000-2 (Servizos de investigación e desenvolvemento e servizos de consultoría conexos).
 - **CPV específicos do Lote 1:**
 - 75122000-7 (Servizos administrativos relacionados coa asistencia sanitaria),

- 33100000-1 (Equipamento médico): 33182100-0 (Desfibrilador), 33182200-1 (Aparellos de estimulación cardíaca), 33123200-0 (Aparellos de electrocardiografía), 33123210-3 (Aparellos de control cardíaco).
- **CPV específicos do Lote 2:** 75251110-4 (Servizos de prevención de incendios), 75251120-7 (Servizos de extinción de incendios forestais), 77200000-2 (Servizos forestais)
- **CPV específicos do Lote 3:** 71354500-9 (Servizos de investigación marítima), 77700000-7 (Servizos relacionados coa pesca)
- **CPV específicos do Lote 4:** 75252000-7 (Servizos de rescate), 60443000-5 (Servizos de rescate aéreo) 60443100-6 (Servizos de rescate aéreo-marítimo)
- **CPV específicos do Lote 5:** 71354500-9 (Servizos de investigación marítima), 77700000-7 (Servizos relacionados coa pesca)
- **CPA (Clasificación de produtos por actividades):** 30.3 (Aeronaves e naves espaciais, e a súa maquinaria), 33.16 (Servizos de reparación e mantemento de aeronaves e naves espaciais), 26 (Produtos informáticos, electrónicos e ópticos), 26.5 (Instrumentos e aparellos de medida, verificación e navegación; reloxos), 51 (Servizos de transporte aéreo), 63 (Servizos de información), 62 (Servizos de programación, consultoría e outros servizos relacionados coa informática), 71.12.35 (Servizos de cartografía), 71.2. (Servizos de ensaio e análises técnicas).

O servizo efectuarase conforme as condicións que figuran no presente PCAP e no PPF que integran o contrato xunto co documento contractual e a oferta do contratista, de acordo co establecido no artigo 35.1.e) da LCSP.

3.2 VARIANTES

O órgano de contratación poderá tomar en consideración as variantes que ofrezan os licitadores durante a fase de negociación do contrato, de acordo co establecido na cláusula 4.1 e 6.1. O licitador poderá presentar unha variante que deberá ter en conta o 50% do orzamento máximo de licitación do lote correspondente e deberá cumprir cos requisitos técnicos mínimos establecidos para cada lote.

3.3 NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER

De maneira xeral, a necesidade administrativa a satisfacer é a mellora da eficiencia, eficacia, seguridade e calidade dos servizos prestados pola Xunta de Galicia, a través da innovación tecnolóxica e o uso de medios aéreos e marítimos non tripulados.

En concreto, preténdense satisfacer as seguintes necesidades administrativas en cada un dos lotes, que se desenvolven no prego de prestacións funcionais:

- **Lote 1. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a atención sanitaria urxente no Camiño de Santiago por medio de UAVs.**

A atención a emerxencias sanitarias é unha actividade dependente de varios factores, entre os que destacan a dispoñibilidade de medios e a súa capacidade para alcanzar un obxectivo nun tempo máximo.

Con esta solución preténdese engadir novos medios de atención médica urxente incrementando, ao mesmo tempo, a capacidade de resposta en casos nos que o tempo de resposta poida resultar crítico.

Con iso preténdese dar cumprimento á responsabilidade encomendada aos servizos sanitarios da Xunta de Galicia de asistir a calquera tipo de urxencia e emerxencia sanitaria que ocorra no territorio da Comunidade. O emprego de vehículos aéreos non tripulados permitirá unha resposta rápida ante a “patoloxía tempo dependente” máis estendida, como é a parada cardiorrespiratoria (PCR).

Un requisito imprescindible será a capacidade de executar as operacións en coordinación cos servizos do 061, que será a unidade que realice todos os elementos da atención médica propiamente dita.

Con este lote preténdese tamén fomentar a I+D no sector empresarial para o desenvolvemento de solucións que melloren a atención sanitaria no Camiño de Santiago, así como dotar a Xunta de Galicia dos mecanismos preventivos necesarios para aumentar a seguridade no Camiño de Santiago.

Debe terse en conta que, durante a execución do primeiro período operativo da Civil UAVs Initiative (2015-2020), licitouse e adjudicou o contrato “Servizo de cardioprotección no Camiño de Santiago por medio de UAV (2019_AP/1)”, pertencente á Fase B (Solucións) da programación operativa. O contrato tiña por obxecto a creación dun piloto demostrativo de cardioprotección que contase cunha solución embarcada nun vehículo aéreo non tripulado.

Este precedente permitiu avanzar na madurez das tecnoloxías necesarias e alcanzar un TRL que fai posible que, no prazo dun ano, mediante o investimento nas últimas fases de desenvolvemento, as solucións poidan alcanzar o TRL 9. De feito, o coñecemento dos resultados obtidos neste precedente de compra pública de innovación permítelle á Xunta de Galicia aumentar a ambición das solucións obxecto da presente licitación. A Administración galega pretende así o establecemento dun servizo máis integrado, con maior número de UAV e con maior capacidade dos vehículos, así como cun alcance xeográfico (ampliación dos tramos do Camiño de Santiago afectados e extensión ás zonas rurais adxacentes) e material (ampliación da asistencia sanitaria a outras urxencias máis aló da PCR) en comparación coa licitación precedente.

- **Lote 2. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora de monitorización de zonas forestais para a prevención, extinción de incendios e restauración post-incendios por medio de UAVs.**

Con esta solución preténdese aumentar a capacidade de prevención e reacción da Xunta de Galicia fronte aos incendios forestais, dotándoa dos medios tecnolóxicos necesarios para realizar unha vixilancia e monitorización das masas forestais da rexión e reducir o tempo de resposta ante emerxencias.

As solucións empregaranse así mesmo para aumentar a eficiencia e facilitar a posta en funcionamento de medidas de restauración post-incendios.

O despregamento de tecnoloxías de monitorización con vehículos aéreos complementará as funcións dos corpos de bombeiros, aumentando as súas capacidades, e dos servizos de monitorización forestal e do medio rural.

Con este lote preténdese tamén Fomentar a I+D no sector empresarial para o desenvolvemento das citadas solucións.

Debe terse en conta que, durante a execución do primeiro período operativo da Civil UAVs Initiative (2015-2020), licitouse e adxudicouse o contrato “Contratación da Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, para a selección de socio/s estratéxico/s cos que formalizar acordo/s de asociación para o desenvolvemento precomercial da Civil UAVs Initiative (RFP-A)” (2016-2020). Como resultado desta licitación formalizáronse acordos de asociación con dúas empresas para o desenvolvemento conxunto de programas de I+D que permiten a creación de produtos, tecnoloxías e solucións no sector aeroespacial baseados en modelos de Compra Pública Precomercial. Unha das empresas seleccionadas desenvolveu, no marco do seu programa de I+D, proxectos relacionados co ensaio e a demostración de operacións con drones en incendios en contorna real.

Dada a natureza da compra precomercial, as solucións alcanzadas naquel contrato non superaron o TRL 8, aínda que lle permitiron á Xunta de Galicia confirmar o seu interese e a viabilidade de seguir apostando por contratacións de I+D para potenciar as últimas fases de desenvolvemento. Doutra banda, o estado precomercial das solucións permítelle á Xunta de Galicia esixir na presente licitación que se incorporen novos avances con vistas ao establecemento dun servizo máis integrado, con maior número de UAV e con maior capacidade dos vehículos, así como cun alcance xeográfico maior (aumento das zonas forestais obxecto de monitorización) en comparación coa licitación precedente e coa oferta actual do mercado.

- **Lote 3. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a inspección e vixilancia pesqueira, marisqueira e acuícola, por medio de UAVs.**

Co desenvolvemento e adquisición da presente solución, a Xunta de Galicia pretende poñer en marcha os seguintes servizos:

- A inspección sistemática e automática das actividades pesqueiras.
- A inspección automática e sistemática dos cultivos de moluscos.
- A xeración automática da documentación de inspección.

- **Lote 4. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a localización de persoas extraviadas por medio de UAVs.**

Co desenvolvemento e adquisición da presente solución, a Xunta de Galicia pretende poñer en marcha os seguintes servizos:

- Servizos de procura e localización de persoas con equipos portables específicos.
- Servizos de procura e localización de persoas por equipos electrónicos de tipo xenérico (móviles ou outros).

- Servizos de localización de persoas que non dispoñan de equipos electrónicos, mediante sensores.

- **Lote 5. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a análise de poboacións de sementes de mexillón e especies cohabitantes por medio de UAVs.**

O sector mexilloeiro galego ten unha importancia socioeconómica moi relevante en Galicia e constitúe a principal actividade acuícola da rexión. O seu desenvolvemento vai máis aló da propia actividade de cultivo como tal, xa que o seu ciclo de engorde depende da semente salvaxe, que pode proceder das rocas do litoral, ou ben de cordas colectoras que penden das bateas.

Nos últimos anos está a facerse patente a dificultade dos bateiros para abastecerse de semente de mexillón (mexilla), o que está a orixinar conflitos dentro do sector e tamén con outros colectivos, como o dos percebeiros, xa que as zonas de recollida de mexilla se solapan en parte coas de recollida do percebe. Todo isto fai imprescindible coñecer a dinámica deste recurso, principalmente no litoral rochoso das provincias da Coruña e Pontevedra.

A avaliación da presenza de mexilla por métodos tradicionais demanda dun esforzo alto e unha capacidade de cobertura espacial moi limitada. A incorporación de aeronaves non tripuladas pode ser un salto moi importante para esta tipoloxía de estudos.

Esta actividade ten ademais incidencia sobre o ecosistema rochoso e a biodiversidade de especies que se asenta sobre este espazo e, por ilo, debe ser tida en conta á hora de expoñer un estudo do aproveitamento e a incidencia da extracción de mexilla. Por outra banda, débese contemplar a posibilidade de crear unha serie de ferramentas que permitan o estudo doutros grupos como as macroalgas, os percebeiros, as anémonas, especies do grupo dos gasterópodos e mesmo os equinodermos, que afloran en amplas baixamare e son accesibles para a súa extracción.

Esta solución dará resposta ás seguintes necesidades da Administración galega:

- Dispoñer de información sobre a evolución do recrutamento de semente de mexillón no intermareal rochoso das provincias da Coruña e Pontevedra.
- Dispoñer de información sobre as zonas onde predomina o percebe fronte á mexilla no intermareal rochoso das provincias da Coruña e Pontevedra, bianualmente.
- Facilitar unha xestión eficiente destes recursos mariños baseada no coñecemento e na dispoñibilidade de información.
- Presentar a información recollida asociada ás características morfolóxicas do terreo, así como á orientación e pendente do litoral.
- Facilitar unha xestión eficiente destes recursos mariños baseada no coñecemento e na dispoñibilidade de información.
- Poñer á disposición do persoal técnico da Consellería do Mar e das organizacións pesqueiras un servizo de información que poida ser actualizado de forma periódica e permita a toma de decisións sobre a xestión destes recursos mariños.

3.4 PREVISIÓNS EN RELACIÓN CO MODELO DE NEGOCIO

Durante a fase de creación da solución e ao longo da execución do contrato, o usuario pioneiro e o adxudicatario traballarán conxuntamente na definición final do modelo de negocio.

O modelo de negocio definitivo virá determinado polo previsto nas cláusulas do contrato definitivo.

3.5 PRAZO DE EXECUCIÓN

O **prazo de execución máximo para a fase de investigación e desenvolvemento** comprendido no presente contrato será para todos os lotes de 12 meses improrrogables desde a súa formalización. A fase de investigación e desenvolvemento abarcará tanto a fase de creación (incluíndo a operación de cualificación) como a fase de operación da solución.

No prego de prescricións funcionais recóllense, para cada lote, os límites de duración mínima e máxima das fases de creación (incluíndo a operación de cualificación) e de operación. A duración concreta das fases de creación e de operación será obxecto de negociación, aínda que, en ningún caso se poderá fixar unha distribución temporal destas fases que incumpra, por exceso ou defecto, os citados límites ou que, en conxunto, supere a duración máxima prevista para toda a fase de investigación e desenvolvemento á que se refire o parágrafo anterior.

En todos os lotes o **prazo de duración da fase de adquisición, despregamento ou posta en marcha** do correspondente servizo será de dous anos dende a data de resolución de adquisición ou despregamento polo órgano de contratación, prorrogables por outros dous anos ata unha duración máxima total de catro anos. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o contratista, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato referenciado anteriormente.

3.6 REFERENCIA DO EXPEDIENTE / UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA/ PERFIL DO CONTRATANTE

Nº de Expediente: 2022_CUI/01

Unidade administrativa xestora: Área de Xestión de GAIN, Rúa Airas Nunes, s/n, Conxo 15702 Santiago de Compostela, A Coruña (España), teléfono +34 981 957 014/+34 981 957 042.

Toda a información relativa ao expediente estará dispoñible para os licitadores a través da páxina web do perfil do contratante da Axencia Galega de Innovación aloxado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia: <https://www.contratosdeg Galicia.gal/consultaOrganismo.jsp?lang=gl&ID=800&N=231&OR=231>

Todas as consultas, cuestións ou informacións complementarias relacionadas co expediente que sexan demandadas polos candidatos dirixiranse por escrito ao seguinte correo electrónico civil-uavs-initiative@xunta.gal

Para a resolución de incidentes e de asistencia técnica relativos á presentación na plataforma SILEX: <https://www.xunta.gal/eservizos/soporte-tecnico/asistente-en-lina>

O órgano de contratación proporcionaralles a todos os interesados no procedemento, como moi tarde 6 días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de solicitudes de participación, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, coa condición de que a pedisen polo menos 12 días antes do transcurso do prazo de presentación das solicitudes de participación.

As respostas terán carácter vinculante para o órgano de contratación e faranse públicas na citada páxina web, no perfil do contratante e na plataforma de Contratos de Galicia para garantir a igualdade e concorrência no proceso de licitación.

4. BASES ECONÓMICAS DO CONTRATO

4.1 ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O orzamento base de licitación (OBL), límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), é o seguinte:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN		
OBL Máximo sen IVE	IVE 21 %	OBL Máximo con IVE
5.357.015,70 €	1.124.973,30 €	6.481.989,00 €

Para cada unha das fases en que se divide a Fase de I+D (fases de creación e operación) do procedemento de Asociación para a Innovación, a orzamento base de licitación desagregase da seguinte maneira:

LOTE	FASE	OBL MÁXIMO SEN IVE	IVE 21%	OBL MÁXIMO CON IVE
LOTE 1	Fase de Creación	734.456,20 €	154.235,80 €	888.692,00 €
	Fase de Operación	350.000,00 €	73.500,00 €	423.500,00 €
	Total Fase I+D	1.084.456,20 €	227.735,80 €	1.312.192,00 €
LOTE 2	Fase de Creación	950.000,00 €	199.500,00 €	1.149.500,00 €
	Fase de Operación	325.000,00 €	68.250,00 €	393.250,00 €
	Total Fase I+D	1.275.000,00 €	267.750,00 €	1.542.750,00 €
LOTE 3	Fase de Creación	895.000,00 €	187.950,00 €	1.082.950,00 €
	Fase de Operación	300.000,00 €	63.000,00 €	363.000,00 €
	Total Fase I+D	1.195.000,00 €	250.950,00 €	1.445.950,00 €
LOTE 4	Fase de Creación	981.980,99 €	206.216,01 €	1.188.197,00 €

LOTE	FASE	OBL MÁXIMO SEN IVE	IVE 21%	OBL MÁXIMO CON IVE
	Fase de Operación	407.355,37 €	85.544,63 €	492.900,00 €
	Total Fase I+D	1.389.336,36 €	291.760,64 €	1.681.097,00 €
LOTE 5	Fase de Creación	330.578,51 €	69.421,49 €	400.000,00 €
	Fase de Operación	82.644,63 €	17.355,37 €	100.000,00 €
	Total Fase I+D	413.223,14 €	86.776,86 €	500.000,00 €

De acordo co artigo 177.2 da LCSP o órgano de contratación poderá decidir crear a asociación para a innovación cun ou varios socios que efectúen por separado actividades de investigación e desenvolvemento. Establécese un máximo de dous socios por lote.

De conformidade co artigo 179.3 da LCSP, o órgano de contratación negociará cos candidatos seleccionados as ofertas iniciais e todas as ofertas posteriores presentadas por estes, excepto a oferta definitiva, co fin de mellorar o seu contido

A efectos da presentación da oferta inicial, en cada lote, o prezo máximo de licitación por candidato será o orzamento base de licitación máximo para a Fase de Investigación e Desenvolvemento (Fase de I+D) recollido na táboa anterior.

Con todo, os candidatos poderán presentar inicialmente unha variante, tendo en conta que o órgano de contratación á vista das ofertas e solucións presentadas poderá decidir crear a asociación para a innovación con dous socios, nese caso, a variante deberá cumprir cos requisitos técnicos mínimos requiridos e non poderá exceder do 50% do orzamento base de licitación máximo para a Fase de Investigación e Desenvolvemento (Fase de I+D) recollido anteriormente.

Durante a negociación, o órgano de contratación, despois de comparar as ofertas iniciais presentadas por cada un dos participantes, determinará se finalmente decide crear a asociación para a innovación cun ou dous socios, indicando o orzamento máximo de licitación por candidato en cada lote. O órgano de contratación dará aos licitadores tempo suficiente para que poidan modificar e volver presentar as súas ofertas definitivas.

O detalle da orzamento base de licitación por anualidades é o seguinte:

ANO	IMPORTE SEN IVE	IVE 21 %	IMPORTE CON IVE
2022	1.477.296,07 €	310.232,18 €	1.787.528,25 €
2023	3.879.719,63 €	814.741,12 €	4.694.460,75 €

ANO	IMPORTE SEN IVE	IVE 21 %	IMPORTE CON IVE
TOTAL	5.357.015,70 €	1.124.973,30 €	6.481.989,00 €

Os pagamentos realizaranse con cargo ás seguintes partidas orzamentarias:

Lotes 1, 2, 3 e 4: partida orzamentaria 06.A2.561A.640.0 / Código de proxecto: 2021 00006

Lote 5: partida orzamentaria 06.A2.561A.640.0 / Código de proxecto: 2015 00020

Consonte o orzamento base de licitación total sinalado anteriormente, no caso de que algún dos lotes se declare deserto ou de que non se adxudique o total do montante do lote, o órgano de contratación poderá redistribuír o orzamento asignado a este lote entre os restantes.

O orzamento sinalado anteriormente será o límite máximo de gasto que servirá para cubrir a fase de investigación e desenvolvemento da Asociación para a Innovación. Esta fase, nos lotes 1, 2, 3 e 4, está financiada ao 100 % con fondos europeos a través do Programa Operativo FEDER de Galicia 2014-2020 (no marco do instrumento REACT-EU).

As adquisicións, despregamentos e implementacións derivados da presente Asociación quedarán condicionados á existencia de crédito adecuado e suficiente e á previa tramitación do correspondente expediente orzamentario, todo iso a condición de que a solución final cumpra cos niveis de rendemento e custo máximo acordados.

4.2 VALOR ESTIMADO

O valor estimado do contrato, de acordo co disposto no art. 101 da LCSP (importe total, excluído o IVE, e incluíndo as eventuais prórrogas da fase de adquisición, implementación ou despregamento) ascende a **16.237.015,70 euros**

O detalle do valor estimado é o seguinte:

LOTE	FASE	VALOR ESTIMADO SEN IVE	IVE 21 %	VALOR ESTIMADO CON IVE
LOTE 1	Fase I+D	1.084.456,20 €	227.735,80 €	1.312.192,00 €
	Fase de Adquisición	3.504.000,00 €	735.840,00 €	4.239.840,00 €
	Total	4.588.456,20 €	963.575,80 €	5.552.032,00 €
LOTE 2	Fase I+D	1.275.000,00 €	267.750,00 €	1.542.750,00 €
	Fase de Adquisición	3.600.000,00 €	756.000,00 €	4.356.000,00 €
	Total	4.875.000,00 €	1.023.750,00 €	5.898.750,00 €
LOTE 3	Fase I+D	1.195.000,00 €	250.950,00 €	1.445.950,00 €

LOTE	FASE	VALOR ESTIMADO SEN IVE	IVE 21 %	VALOR ESTIMADO CON IVE
	Fase de Adquisición	1.776.000,00 €	372.960,00 €	2.148.960,00 €
	Total	2.971.000,00 €	623.910,00 €	3.594.910,00 €
LOTE 4	Fase I+D	1.389.336,36 €	291.760,64 €	1.681.097,00 €
	Fase de Adquisición	1.200.000,00 €	252.000,00 €	1.452.000,00 €
	Total	2.589.336,36 €	543.760,64 €	3.133.097,00 €
LOTE 5	Fase I+D	413.223,14 €	86.776,86 €	500.000,00 €
	Fase de Adquisición	800.000,00 €	168.000,00 €	968.000,00 €
	Total	1.213.223,14 €	254.776,86 €	1.468.000,00 €

4.3 PREZO DO CONTRATO

O sistema de determinación do prezo de licitación, en cada un dos lotes, establécese en tanto alzado polo total da prestación.

4.4 REVISIÓN DE PREZOS

Non procede a revisión de prezos, de acordo co establecido no artigo da 103 LCSP.

4.5 REDISTRIBUCIÓN DE ANUALIDADES

A Administración autonómica resérvase a potestade de redistribuír ou reaxustar o valor económico de cada anualidade, sempre que se autorice polos órganos competentes de acordo coa lexislación orzamentaria.

5. CAPACIDADE PARA CONTRATAR E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

5.1 CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS

Segundo o disposto nos artigos 65 a 73 da LCSP.

5.2 UNIÓN DE EMPRESARIOS

Segundo o disposto no artigo 69 da LCSP.

6. O PROCEDEMENTO DE ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN

6.1 ETAPAS DO PROCEDEMENTO

O presente procedemento de Asociación para a Innovación ten como finalidade o desenvolvemento dunha solución innovadora e a súa adquisición, implementación ou despregamento, sempre que se correspondan cos niveis de rendemento e os custos máximos acordados entre órgano de contratación e os participantes.

Trátase, xa que logo, dun procedemento no que poderían distinguirse esquematicamente tres momentos diferenciados:

- 1.- Selección de candidatos.
- 2.- Negociación cos candidatos e adxudicación da Asociación
- 3.- Execución da Asociación para a Innovación:
 - a) Fase de investigación e desenvolvemento.
 - b) Fase de adquisición, implementación ou despregamento da solución derivada do procedemento.

Os contratos que se adxudiquen no presente procedemento rexeranse:

- a) Na fase de investigación e desenvolvemento, polas normas que se establezan regulamentariamente, así como polas prescricións contidas nos presentes pregos e, supletoriamente, polas normas do contrato de servizos.
- b) Na fase de adquisición, implementación ou despregamento, polas normas correspondentes ao contrato de servizos contempladas na LCSP e polo disposto nos presentes pregos.

O órgano de contratación poderá desistir do procedemento se non existen candidatos suficientes que cumpran cos requisitos de selección, capacidade e solvencia, ou non se poida garantir unha competencia suficiente. En ningún caso a desistencia polas causas indicadas outorgará dereito algún a seren indemnizados os operadores que participen na fase de negociación.

O proceso levarase a cabo a través das actuacións que se resumen a continuación:

1- Apertura do procedemento, solicitudes de participación e selección de candidatos:

O órgano de contratación publicará un anuncio de licitación no que dará a coñecer as súas necesidades e requisitos.

O órgano de contratación publicará o anuncio de licitación no DOUE e poñerá á disposición dos interesados a documentación relativa ao expediente nos termos indicados no presente prego.

O prazo de recepción das solicitudes de participación será de 30 días, a partir da data do envío do anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

Dentro deste prazo os interesados deberán presentar a súa solicitude de participación, xunto coa documentación requirida na cláusula 6.2.2, nun arquivo electrónico sinalado como "SOBRE A". A documentación será examinada e avaliada pola Mesa especial do procedemento de Asociación para a Innovación, prevista no artigo 327 da LCSP, segundo os criterios de selección establecidos na cláusula 6.3.4 do presente prego.

Á vista da valoración obtida e a proposta da mesa, o órgano de contratación determinará o tres candidatos (número máximo por lote) que serán convidados a participar na fase de negociación, na que presentarán os

seus proxectos de investigación e innovación destinados a responder ás necesidades sinaladas no prego de prescricións funcionais. O número mínimo de candidatos a convidar en cada lote será tamén de tres.

Se por circunstancias de calquera índole non se chegase a alcanzar un número mínimo de tres candidatos a convidar, o órgano de contratación poderá ordenar a prosecución da negociación, aínda cando non se alcanzase este número mínimo de candidatos. O órgano de contratación non poderá en ningún caso convidar a participantes que non soliciten participar no procedemento, ou a candidatos que non posúan as condicións previstas neste prego.

O contido das invitacións para tomar parte na negociación detállase na cláusula 6.3.4 do presente prego.

2- Negociación cos candidatos e adxudicación da Asociación para a Innovación:

Os candidatos seleccionados deberán presentar, no prazo de 10 días naturais contados dende a data indicada no escrito de invitación, a súa oferta inicial (ver apartado 6.4.1).

Xunto con esta proposta de solución inicial, os candidatos incluírán un resumo executivo que sintetice a súa proposta, de lonxitude non superior a 10 páxinas, no que detallarán a súa proposta de solución inicial.

A efectos da presentación da oferta inicial, en cada lote, o prezo máximo de licitación por candidato será o orzamento base de licitación máximo para a Fase de Investigación e Desenvolvemento (Fase de I+D) do respectivo lote.

Con todo, os candidatos poderán tamén presentar inicialmente unha variante, tendo en conta que o órgano de contratación á vista das ofertas e solucións presentadas poderá decidir crear a asociación para a innovación con dous socios, nese caso, a variante deberá cumprir cos requisitos técnicos mínimos e non poderá exceder do 50% do orzamento base de licitación máximo para a Fase de Investigación e Desenvolvemento (Fase de I+D) do respectivo lote.

A forma de presentación da devandita oferta variante seguirá tamén a estrutura recollida no apartado 6.4.1. Incluírá tamén un resumo executivo que sintetice a proposta, de lonxitude non superior a 10 páxinas.

Logo de examinadas pola mesa de contratación as propostas de solución inicial e, no seu caso, variantes dos candidatos seleccionados, notificaráselles por escrito a data, hora e lugar onde se iniciará a fase de negociación.

Os candidatos de cada lote poderán ser convidados a unha ou varias reunións co obxecto de expoñer de maneira descritiva as características básicas do proxecto obxecto do contrato, así como para negociar e axustar se procede o proceso aquí descrito.

O órgano de contratación negociará cos candidatos as ofertas iniciais e, se procede, todas as ofertas posteriores presentadas por estes para mellorar o seu contido e para adaptalas aos requisitos indicados no prego de cláusulas administrativas particulares e no anuncio de licitación co fin de identificar a mellor oferta.

Non se negociarán os requisitos mínimos da prestación obxecto do contrato nin tampouco os criterios de adxudicación.

Durante a negociación, o órgano de contratación daralles un trato igual a todos os candidatos e, en particular, non lles facilitará, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados candidatos con respecto ao resto.

Os candidatos quedan expresamente obrigados a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidesen coñecer como consecuencia da participación no procedemento.

Tras declarar cerradas as negociacións e comparar as ofertas presentadas por cada un dos participantes, determinará se finalmente decide crear a asociación para a innovación con un ou dous socios, indicando o orzamento máximo de licitación por candidato en cada lote. Así mesmo, informará a todos os candidatos e establecerá un prazo máximo de 10 días naturais para a presentación da oferta definitiva.

A continuación, a mesa de contratación verificará que as ofertas definitivas se axustan aos requisitos mínimos, e que cumpren todos os requisitos establecidos no prego; valorará as devanditas ofertas conforme os criterios de adxudicación; elevará a correspondente proposta; e o órgano de contratación procederá a adxudicar o contrato.

3- Execución da Asociación para a Innovación:

A presente Asociación para a Innovación estruturarase, en cada lote, nas seguintes fases seguindo a secuencia das etapas do proceso de investigación e desenvolvemento e a adquisición dos servizos e/ou subministros se procede:

- Fase de Investigación e Desenvolvemento, que abarca as seguintes fases:
 - Fase de Creación da solución.
 - Fase de Operación da solución.
- Fase de Adquisición, Implementación ou Despregamento da solución

A presente Asociación para a Innovación fixará uns obxectivos ou fitos intermedios que deberá alcanzar o socio/a en cada fase. Sobre a base destes fitos, o órgano de contratación poderá decidir, ao final de cada fase, resolver a Asociación para a Innovación.

En ningún caso, a resolución da Asociación para a Innovación dará lugar a indemnización, sen prexuízo da contraprestación que, nas condicións establecidas no presente prego, corresponda polos traballos realizados.

Finalizada a fase de investigación e desenvolvemento, en cada un dos lotes, o órgano de contratación analizará se os seus resultados alcanzan os niveis de rendemento e custos acordados e resolverá o procedente sobre a adquisición do servizo e/ou subministro resultante, sendo esta unha opción contractual por parte do órgano de contratación.

A selección do empresario/a final ao que se lle deba efectuar ditas adquisicións realizarase sobre a base dos criterios obxectivos establecidos no presente prego.

6.2 SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO

6.2.1 DISPOSICIÓNS XERAIS

As empresas que desexen tomar parte no procedemento de Asociación para a Innovación deberán presentar a correspondente solicitude de participación que se achega como **Anexo I** do presente documento.

A presentación da solicitude de participación implica a aceptación das condicións que rexerán o procedemento e as condicións de execución do contrato contidas nos pregos.

A solicitude de participación e documentación que a acompaña deberá ser presentada a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX). A súa utilización permite a presentación de ofertas. O Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), está regulado pola Orde do 28 de xullo de 2010 e pode accederse a el a través da seguinte ligazón: www.conselleriadeconomia.es/silex.

Para licitar no SILEX, deberánse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado “Axuda” da páxina principal: www.conselleriadeconomia.es/silex.

A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.

A documentación presentada poderá ser asinada dixitalmente polo propio SILEX mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O Sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta a unha ou a varias persoas.

Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estará asinado co estándar de sinatura “PDF Advanced Electronic Signatures” (PadES).

O prazo de presentación das solicitudes será o indicado no anuncio publicado nos diarios oficiais (DOUE e DOG). Este prazo será de 30 días a partir do envío do anuncio ao DOUE. Se o último día de presentación coincidise día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo de presentación prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte.

6.2.2 DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA Á SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Os licitadores deberán presentar, xunto coa solicitude de participación (**Anexo I**), a seguinte documentación:

a) De acordo co disposto no artigo 59 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e o Regulamento de execución (UE) 2016/7 da Comisión, do 5 de xaneiro de 2016, polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación (DEUC), os licitadores deberán cubrir e asinar o DEUC, na súa totalidade e con especial referencia ás solvencias económica e financeira e técnica. Este documento obtense en formato .xml, no seguinte enderezo electrónico: <http://www.conselleriadeconomia.es/es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>.

b) Os licitadores poderán ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de axuizamento conforme a lexislación nacional, no caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ao facilitar

a información esixida para verificar que non existen motivos de exclusión, ou que se cumpren os criterios de selección, ou no caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.

Xunto co DEUC, os licitadores deberán achegar unha declaración responsable específica que figura no Anexo II do presente prego.

No caso de que o licitador sexa unha UTE, presentarse un DEUC por cada unha das empresas e a documentación esixida no artigo 69 da LCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, co obxecto de garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os candidatos acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

c) O licitador deberá indicar un enderezo de correo electrónico para efectuar as notificacións, sinalando este medio como preferente e consentindo na súa utilización.

d) Cando empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación do contrato, deberano indicar na documentación administrativa a entregar, para os efectos da aplicación do réxime de apreciación de ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

e) Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas no caso de resultaren adxudicatarias do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poder bastante para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poder mancomunado que poidan outorgar as empresas para cobranzas e pagamentos de contía significativa.

Así mesmo, en caso de Agrupación de operadores económicos, cada un dos empresarios deberá acreditar solvencia económica, financeira, técnica e profesional. Para os efectos da determinación da solvencia da Agrupación temporal e da determinación dos limiares mínimos de solvencia de cada un dos participantes acumularanse as características acreditadas por cada un dos entes integrantes da agrupación.

f) Documentación acreditativa para a valoración dos criterios de selección puntuables (apartado 6.3.1).

Presentarse unha relación das referencias presentadas seguindo o modelo recollido no Anexo III.

Deberán presentar a documentación xustificativa dos proxectos, traballos e experiencias previas requiridas no citado apartado.

Dado que é necesario comprobar os traballos ou servizos efectuados para realizar unha correcta valoración dos criterios de selección das empresas que participarán no proceso de negociación, cómpre acreditar documentalmente estes traballos/servizos.

A acreditación efectuarase mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente que poderán acompañarse de documentación adicional verificada polo devandito órgano, cando o destinatario dos traballos/servizos presentados sexa unha entidade do sector público. Nos certificados e/ou documentación adicional farase constar todo o detalle e información pertinente para unha correcta valoración dos criterios de selección.

Cando o destinatario sexa unha entidade privada (ou o propio licitador), mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos que obren no seu poder e que acrediten a realización da prestación.

Só se terán en conta, aos efectos de valoración, os servizos ou traballos realizados no últimos tres anos. Para o cálculo do citado período de tres anos, tomarase como referencia de fin de período o día de finalización do prazo de presentación de solicitude de participación.

A Administración resérvase a facultade de comprobar a veracidade da información presentada. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a desestimación do candidato.

As referencias achegadas non poderán ser superiores a vinte en cada un dos lotes; no caso de que se supere este límite, só se terán en conta a efectos da valoración o primeiras vinte indicadas. Referiranse a servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato e deberán encadrarse nalgún dos CPV xerais ou específicos para o lote correspondente que se indican na cláusula 3.1 do presente prego.

g) Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (**Anexo II**).

Toda a documentación a presentar polos candidatos deberá ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas por funcionarios da Xunta de Galicia, conforme a lexislación vixente na materia. Así mesmo, os candidatos presentarán a súa documentación en castelán ou galego.

6.3 SELECCIÓN DOS CANDIDATOS PARA PARTICIPAR NA NEGOCIACIÓN

6.3.1 CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS CANDIDATOS PARA PARTICIPAR NA FASE DE NEGOCIACIÓN

A avaliación da solvencia técnica e económica para a selección das empresas a ser convidadas realizarase da seguinte maneira:

- A. Criterios mínimos de solvencia.
- B. Criterios puntuables (100 puntos)

A.- CRITERIOS MÍNIMOS DE SOLVENCIA:

Os criterios técnicos e económicos detallados a continuación constitúen os aspectos mínimos obrigatorios para as empresas a ser convidadas á fase de negociación. Será suficiente a súa acreditación a través da súa declaración no DEUC.

As empresas deberán acreditar a súa solvencia de conformidade co disposto a continuación:

- Medios de acreditación da solvencia económica e financeira. De conformidade co disposto no artigo 87.1.a) da LCSP, acreditarase polo seguinte medio:

- **Lote 1. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a atención sanitaria urxente no Camiño de Santiago por medio de UAVs:**

Volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a 6.800.000 euros.

- **Lote 2. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora de monitorización de zonas forestais para a prevención, extinción de incendios e restauración post-incendios por medio de UAVs:**

Volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a 7.300.000 euros.

- **Lote 3. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a inspección e vixilancia pesqueira, marisqueira e acuícola, por medio de UAVs:**

Volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a 3.000.000 euros.

- **Lote 4. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a localización de persoas extraviadas por medio de UAVs:**

Volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a 3.800.000 euros.

- **Lote 5. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a análise de poboacións de sementes de mexillón e especies cohabitantes por medio de UAVs:**

Volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a 1.200.000 euros.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil se o empresario estivese inscrito en dito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non

inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo devandito Rexistro.

No caso de que a data de creación ou posta en marcha das actividades empresariais non permita cubrir os tres exercicios, presentaranse as cifras dispoñibles.

- Medios de acreditación da solvencia técnica. De conformidade co disposto no artigo 90.a) da LCSP, acreditarase mediante:

Relación dos principais traballos realizados no tres últimos anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, destes. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que obren no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Só se terán en conta para os efectos de acreditar a solvencia os servizos ou traballos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto da presente contratación, que aparezan relacionados e respecto dos cales se acheguen certificacións ou declaración do empresario á que se fai referencia neste apartado e no apartado 6.2.2 do presente prego.

Para o cálculo do citado período de tres últimos anos, tomarase como referencia de fin do devandito período o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Para os efectos da valoración da súa relación ou non coa presente contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos servizos ou traballos referidos, que deben gardar relación co obxecto do contrato. Utilizarase para a identificación dos traballos e proxectos o modelo de ficha recollido no Anexo III.

- **Lote 1. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a atención sanitaria urxente no Camiño de Santiago por medio de UAVs:**

Considerarase solvente o candidato que realízase, nos tres últimos anos, un conxunto de proxectos relacionados con este lote, de conformidade co apartado 6.2.2.f) do presente prego, que en conxunto sumen un importe igual ou superior a 4.500.000 euros.

- **Lote 2. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora de monitorización de zonas forestais para a prevención, extinción de incendios e restauración post-incendios por medio de UAVs:**

Considerarase solvente o candidato que realízase, nos tres últimos anos, un conxunto de proxectos relacionados con este lote, de conformidade co apartado 6.2.2.f) do presente prego, que en conxunto sumen un importe igual ou superior a 4.800.000 euros.

- **Lote 3. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a inspección e vixilancia pesqueira, marisqueira e acuícola, por medio de UAVs:**

Considerarase solvente o candidato que realizase, nos tres últimos anos, un conxunto de proxectos, relacionados con este lote de conformidade co apartado 6.2.2.f) do presente prego, que en conxunto sumen un importe igual ou superior a 1.500.000 euros.

- **Lote 4. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a localización de persoas extraviadas por medio de UAVs:**

Considerarase solvente o candidato que realizase, nos tres últimos anos, un conxunto de proxectos relacionados con este lote, de conformidade co apartado 6.2.2.f) do presente prego, que en conxunto sumen un importe igual ou superior a 2.500.000 euros.

- **Lote 5. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a análise de poboacións de sementes de mexillón e especies cohabitantes por medio de UAVs:**

Considerarase solvente o candidato que realizase, nos tres últimos anos, un conxunto de proxectos relacionados con este lote, de conformidade co apartado 6.2.2.f) do presente prego, que en conxunto sumen un importe igual ou superior a 600.000 euros.

B.- CRITERIOS PUNTUABLES (100 PUNTOS):

Unha vez verificado o cumprimento dos criterios mínimos esixibles para poder participar no procedemento, valoraranse os seguintes criterios como método de selección das empresas para convidalas a tomar parte na fase de negociación, tendo en conta a natureza das prestacións obxecto do presente contrato.

A puntuación terá un valor máximo de 100 puntos e será o resultado da suma das puntuacións de cada un dos criterios descritos a continuación, debidamente ponderados.

Dado que é necesario comprobar os traballos efectuados para realizar unha correcta valoración dos criterios de selección das empresas que participarán no proceso, faise necesario acreditarlos documentalmente.

Os traballos efectuados acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do empresario, onde se fará constar todo o detalle e información pertinente para unha correcta valoración dos criterios.

Será necesario acompañar tales certificacións xunto ao Anexo III, que relacionará os traballos que serán obxecto de valoración (máximo vinte referencias; no caso de que se supere este límite, só se terán en conta a efectos da valoración o primeiras vinte indicadas).

A Administración resérvase a facultade de comprobar a veracidade da información presentada. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a exclusión do candidato.

Só se terán en conta, para os efectos de valoración, traballos realizados no últimos tres anos. Para o cálculo do citado período dos tres últimos anos, tomarase como referencia de fin do devandito período o día de finalización do prazo de presentación de propostas.

Para os efectos de ordenación do nivel de solvencia técnica de cada licitador, os diferentes proxectos ou traballos valoraranse da seguinte maneira:

- 2,5 puntos por cada proxecto ou traballo relacionado con algún dos ámbitos especificados no punto 6.2.2.f) do presente documento, para o lote correspondente, ata un máximo de 75 puntos.
- No caso dos lotes 1, 2, 3 e 4, 1 punto por cada 100.000 € contratados en proxecto ou traballo relacionados con algún dos ámbitos especificados no punto 6.2.2.f) do presente documento para o lote correspondente, ata un máximo de 25 puntos.
- No caso do lote 5, 1 punto por cada 50.000 € contratados en proxecto ou traballo relacionados con algún dos ámbitos especificados no punto 6.2.2.f) do presente documento para o citado lote, ata un máximo de 25 puntos.

Unha vez realizada esta valoración, o órgano de contratación seleccionará os tres licitadores que maior puntuación obtivesen en cada lote para progresar á fase de negociación.

No caso de que existise empate entre máis dun operador económico, estes ordenaranse en función do orzamento total executado no conxunto de proxectos presentados polo licitador, sempre que estes proxectos fosen valorados pola mesa de contratación de acordo cos requisitos establecidos nos presente pregos.

6.3.2 MESA ESPECIAL DO PROCEDEMENTO DE ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN

O órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación do contrato, por unha mesa especial do procedemento de Asociación para a Innovación constituída de conformidade co previsto no artigo 327 da LCSP.

De acordo co establecido no artigo 327 da LCSP, a esta mesa incorporaranse persoas especialmente cualificadas na materia sobre a que verse a Asociación para a Innovación, nun número igual ou superior a un terzo dos compoñentes da mesa, e participarán nas deliberacións con voz e voto.

A mesa estará asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que informarán á mesa sobre as cuestións das súas respectivas competencias, a requirimento desta ou por propia iniciativa, pero sen dereito de voto.

6.3.3 APERTURA DA DOCUMENTACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes de participación, a Mesa de contratación constituirase para o exame e cualificación da documentación administrativa do arquivo electrónico sinalado como “SOBRE A”, en función dos requisitos esixidos. Se a mesa observase defectos ou omisións emendables, concederá un prazo non inferior a 3 días para a corrección dos defectos ou a emenda das omisións.

Para estes efectos comunicaraos a través da plataforma Notific@ - dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á

disposición da notificación á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na oferta, sen prexuízo de que as circunstancias sinaladas se fagan públicas a través do perfil do contratante.

A documentación requirida deberá ser entregada a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).

Así mesmo, a Mesa poderá pedir os informes técnicos que estime oportunos para a aplicación dos criterios de selección previstos.

Do actuado, deixárase constancia na acta que necesariamente deberá cubrirse.

6.3.4 SELECCIÓN DE CANDIDATOS E INVITACIÓN PARA PARTICIPAR NA NEGOCIACIÓN

Unha vez cualificadas as solicitudes de participación e a documentación administrativa que as acompaña, o órgano de contratación convidará, simultaneamente e por escrito, a participar na fase de negociación aos candidatos que obtivesen **as tres mellores puntuacións** en cada lote, despois de aplicar os criterios de selección contidos no apartado 6.3.1, e lles notificará ao resto que foron descartados.

Cando o número de candidatos en cada lote que cumpran os criterios de selección sexa inferior a tres, o órgano de contratación poderá continuar o procedemento co ou cos que reúnan as condicións esixidas e os requisitos de solvencia sinalados como mínimos para a solvencia económica e financeira e técnica, sen que se poida convidar a empresarios que non solicitasen participar no procedemento, ou a candidatos que non posúan esas condicións.

As invitacións a tomar parte na fase de negociación terán o seguinte contido:

- Referencia ao anuncio de licitación.
- Data inicial para a presentación das ofertas (posterior á reunión conxunta de presentación para os licitadores recollida no presente epígrafe).
- Enderezo e forma de presentación das ofertas.
- A lingua ou linguas utilizables, que serán o galego e o castelán.
- Os documentos que, de ser o caso, se deban achegar complementariamente, e o lugar, día e hora da apertura de proposicións.
- Indicarase o lugar e hora no que se realizará unha reunión inicial conxunta con todos os licitadores de cada lote, co obxecto de expoñer os aspectos máis importantes do proxecto e das necesidades públicas que deben abordar as solucións.

6.4 FASE DE NEGOCIACIÓN

6.4.1 PRESENTACIÓN DA OFERTA INICIAL DO PROXECTO DE I+D PARA NEGOCIAR

Os candidatos seleccionados para progresar á fase de negociación deberán presentar no prazo indicado na invitación a tomar parte na negociación, para o lote correspondente, unha oferta inicial do seu proxecto ou solución que conteña, ao menos:

1. Índice.

2. Proposta de solución técnica.

- a. Descrición da solución proposta, destacando:
 - i. Funcionalidades (detalle de resposta das solucións ás necesidades funcionais).
 - ii. Especificacións técnicas.
 - iii. Produtos a desenvolver e servizos vinculados (output).
- b. Estado da tecnoloxía e TRL de partida por solución/produto.
- c. Paquetes de traballo e tarefas ata TRL9 (modelo en Anexo VI).
- d. Proposta de equipos UAV e sensores e plan de voos.
- e. Proposta de toma de datos: superficies, tipoloxía, precisión, etc.
- f. Fitos intermedios e plans de proba asociados.
- g. Tecnoloxías propietarias e dereitos de propiedade intelectual ou industrial de terceiros.

3. Proposta de Plan de Cualificación

- a. Descrición da contorna de cualificación proposta.
- b. Descrición da proba ou probas a realizar: obxectivos, métodos de proba, etc.
- c. Descrición dos recursos e a loxística asociados e, cando corresponda, achegas esperadas da Xunta de Galicia para a realización das probas.
- d. Estimación temporal (en semanas) do Plan de Cualificación.
- e. Métricas que se propón empregar para medir e verificar o cumprimento dos obxectivos funcionais propostos, así como os métodos empregados para a súa medición e monitorización.
- f. Riscos asociados ao Plan de Cualificación e estratexias de mitigación propostas.

4. Proposta para a fase de operación

- a. Duración do Plan de operación.
- b. Produtos, servizos e recursos ofrecidos á Xunta de Galicia durante a fase de operación.
- c. Modelo de negocio proposto para a comercialización do produto ou servizo.
- d. Resultados obtidos pola Xunta de Galicia (produtos ou entregables) durante a fase de operación.

5. Organización do Proxecto.

- a. Organización da empresa ou consorcio e os seus subcontratistas. En caso de consorcios ou

subcontratación débese detallar a participación de cada un dos integrantes.

- b. Planificación xeral do proxecto: fases, tarefas e fitos.
- c. Equipo de traballo.
- d. Riscos identificados e proposta de xestión de riscos.

6. Ciclo de vida do produto ou servizo.

- a. Descrición do ciclo de vida, en anos, da solución proposta para o usuario final. Estimarase o número de anos de servizo antes de que o produto ou servizo deba ser substituído ou substancialmente modernizado.
- b. Proposta de despregamento, incluíndo planificación temporal, modelo de negocio e outros compromisos vinculados a esta fase.

7. Divulgación e difusión.

- a. Proposta de alcance de difusión da I+D realizada e dos resultados obtidos.
- b. Destinatarios das actividades de divulgación e difusión.
- c. Actividades de divulgación e difusión propostas.

8. **Medidas para a promoción da conciliación:** presentación dun plan de igualdade ou de conciliación, que contemple medidas en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato, entendendo por tales, entre outras, as que incorporen medidas de flexibilidade espacial, tales como o teletraballo, ou de flexibilidade na organización do tempo de traballo, melloras dos permisos legalmente establecidos ou beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares.

9. Proposta económica que conterà polo menos:

- 1. Identificación dos compoñentes do Custo Total do produto ou servizo, contemplando todo o ciclo de vida do produto ou servizo, de acordo coas definicións realizadas para o Custo do ciclo de vida do produto ou servizo (Life Cycle Costing-LCC) ou Custo total da propiedade (Total Cost of Ownership-TCC), explicando cada un destes compoñentes.
- 2. Proposta de prezos referidos á fase de Investigación e Desenvolvemento, empregando o modelo do Anexo V.

A proposta económica que forme parte da oferta inicial dos candidatos deberá describir en detalle o custo de ciclo de vida da solución. Cando corresponda, a proposta económica será empregada como base polo órgano de contratación para a definición do orzamento máximo de licitación por socio durante a fase de negociación. Na avaliación da proposta económica inicial, non resultarán de aplicación os criterios de oferta desproporcionada ou anormal previstos na cláusula 7.1.

A oferta realizarase en documento de texto que non poderá exceder en ningún caso de 100 páxinas. Cada páxina cumprirá as seguintes características: DIN A4, a unha cara, tipo de letra ARIAL, tamaño 10, marxes superior e inferior a 2,5 cm e marxes esquerda e dereita a 3 cm, con interliñado sinxelo en “1,5 liñas”, exceptuando información gráfica (planos e esquemas, que poderán presentarse en formato A3). As páxinas que excedan do límite non serán obxecto de avaliación (valoraranse unicamente as 100 primeiras páxinas do documento).

A presentación das ofertas realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> (modelo de instancia xenérica PR004A).

Para a presentación das citadas ofertas poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

6.4.2 APERTURA DA DOCUMENTACIÓN COA OFERTA INICIAL

Finalizado o prazo de presentación da oferta inicial, a Mesa especial de contratación constituirase para a apertura do sobre que contén a oferta inicial e encargarse de negociar cos licitadores as ofertas iniciais e, cando corresponda, todas as ofertas posteriores presentadas por estes para mellorar o seu contido e para adaptalas aos requisitos indicados no prego de cláusulas administrativas particulares e nos posibles documentos complementarios, co fin de identificar a mellor oferta, de conformidade co previsto no artigo 179 da LCSP.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá cubrirese.

6.4.3 DESENVOLVEMENTO DA NEGOCIACIÓN

Unha vez examinadas pola mesa de contratación as ofertas iniciais dos candidatos seleccionados, notificaráselles por escrito a data, hora e lugar onde se iniciará a fase de negociación.

O órgano de contratación desenvolverá, cos candidatos seleccionados, unha negociación para determinar e definir os medios adecuados para satisfacer as súas necesidades.

No transcurso desta negociación, poderán debaterse todos os aspectos do contrato cos candidatos seleccionados, aínda que non se negociarán os requisitos mínimos da prestación obxecto do contrato nin tampouco os criterios de adxudicación.

Sen prexuízo do exposto no parágrafo anterior, a administración contratante considera de especial interese negociar sobre as seguintes cuestións e coas limitacións aquí descritas, non sendo pois esta listaxe unha mostra exhaustiva das cuestións que poidan ser obxecto de negociación:

- a. A distribución do tempo de execución nas fases de creación e operación e o orzamento máximo por fase (no marco da fase de I+D).
- b. Cando corresponda, o orzamento máximo de licitación por socio, de acordo coas cláusulas 4.1 e 6.4.1.
- c. Requirimentos do servizo, e plan de cualificación e operación propostos.
- d. Requirimentos técnicos das solucións, incluíndo os parámetros de rendemento ou valores obxectivos que

deban cumprir.

- e. Ciclo de vida do produto ou servizo, así como modelo de negocio para a operación.
- f. Cuestións relativas ao réxime económico-financeiro, incluíndo:
 - Compoñentes do custo do ciclo de vida do produto ou servizo.
 - Réxime de asignación de riscos e plan de negocio, incluíndo a proposta de potencial da explotación e capacidade do candidato para conseguir os resultados esperados.
- g. Fitos de traballo e entregables de seguimento a realizar.
- h. Os prazos mínimos de garantía en todas as fases da Asociación para a Innovación e, cando corresponda, o réxime de penalidades, de acordo coa cláusula 9.18.
- i. Condicións ás que se deberán axustar as adquisicións, implementacións ou despregamento das solucións.

Para o fin perseguido, o contido do contrato e do prego de prescricións funcionais irá evolucionando durante o desenvolvemento da fase de negociación cos candidatos seleccionados. Neste sentido, o órgano de contratación poderá efectuar actualizacións e modificacións deses documentos, a medida que vaia definíndose a solución máis conveniente para levar a cabo o obxecto do contrato. Informarase sempre por escrito aos candidatos destas modificacións e actualizacións, que en ningún caso afectarán os requisitos mínimos e aos criterios de adxudicación, e establecerase un prazo suficiente para que, en caso necesario, os licitadores poidan modificar e volver presentar as súas ofertas modificadas.

6.4.4 PRESENTACIÓN DA OFERTA FINAL

Cando o órgano de contratación decida concluír as negociacións, informará a todos os candidatos e establecerá un prazo de 10 días naturais para a presentación das ofertas finais.

Os candidatos presentarán as súas ofertas finais en dous arquivos electrónicos sinalados como “SOBRE B”, co contido da oferta non avaliable mediante fórmulas, e como “SOBRE C”, co contido da oferta avaliable mediante fórmulas.

De conformidade coa cláusula 7.1, resultará de aplicación á proposta de prezo da I+D da oferta final os criterios de oferta desproporcionada ou anormal.

A mesa de contratación avaliará as ofertas presentadas polos licitadores en función dos criterios de adxudicación establecidos no anuncio de licitación e no presente prego.

O órgano de contratación poderá solicitar precisións ou aclaracións sobre as ofertas presentadas, axustes nelas ou información complementaria relativa a elas, sempre que iso non supoña unha modificación dos seus elementos fundamentais que implique unha variación que poida falsear a competencia ou ter un efecto discriminatorio.

7. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

7.1 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos seguintes criterios:

CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS (SOBRE B) (75 puntos):

CRITERIO	PUNTOS
I. PROPOSTA DE SOLUCIÓN TÉCNICA	30
II. PROPOSTA DE PLAN DE CUALIFICACIÓN	15
III. PROPOSTA PARA A FASE DE OPERACIÓN	15
IV. ORGANIZACIÓN DO PROXECTO	7,5
V. CICLO DE VIDA DO PRODUTO OU SERVIZO	5
VI. PROPOSTA DE DIVULGACIÓN E DIFUSIÓN	2,5

Os aspectos que se valorarán en cada apartado son os que se describen a continuación.

I. PROPOSTA DE SOLUCIÓN TÉCNICA

Valoraranse a capacidade da solución proposta para responder ás necesidades descritas no Prego de prescricións funcionais, o grao de innovación da solución, o grao de madurez tecnolóxica dos distintos compoñentes e a viabilidade de alcanzar o TRL9 no prazo de creación da solución ofertado polo licitador, a idoneidade dos medios aéreos ofertados para a creación e operación da solución proposta, así como dos sensores, ademais da coherencia do plan de voos, tanto durante a creación como durante a operación. Valoraranse o nivel de detalle e a coherencia da proposta de toma de datos. Por último, valoraranse a clara identificación de fitos técnicos intermedios e os plans de proba asociados a estes fitos, que permitan un seguimento do avance técnico da creación da solución por parte de GAIN.

II. PROPOSTA DE PLAN DE CUALIFICACIÓN

Valorarase o grao de detalle da contorna de cualificación proposta, isto é, a descrición detallada do alcance, ámbito xeográfico e tipo de actividades propostas para a cualificación; e, en concreto, a súa validez, coherencia e completude para demostrar o funcionamento da solución creada. Valorarase o grao de detalle na descrición das probas a realizar, en especial dos seus obxectivos, métodos de proba, indicadores, etc. Valorarase a descrición dos recursos e da loxística asociada á realización do plan de cualificación e a súa planificación temporal. Valorarase a proposta de indicadores e métricas a empregar para verificar o cumprimento dos obxectivos funcionais propostos, así como a adecuación e obxectividade dos métodos empregados para a súa medición e monitorización. Por último, valoraranse o grao de detalle na identificación dos riscos asociados á cualificación e as posibles estratexias propostas para a mitigación destes riscos.

III. PROPOSTA PARA A FASE DE OPERACIÓN

Valorarase a proposta de operación da solución creada, entendendo por tal a descrición detallada dos produtos ou servizos ofrecidos á Xunta de Galicia durante a fase de operación, incluíndo o detalle das actividades necesarias para prestar un servizo completo á Administración. Valorarase a coherencia e oportunidade do modelo de negocio proposto e, en concreto, a descrición da adecuación do devandito modelo á demanda existente polo Sector Público. Valorarase a descrición e detalle nos resultados obtidos

pola Xunta de Galicia (produtos ou entregables) durante a fase de operación. Valorárase a coherencia da duración da fase de operación cos prazos necesarios para a fase de creación da solución e a operación de cualificación.

IV. ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

Valorárase a organización da empresa ou consorcio, incluíndo aos seus subcontratistas, para a creación, así como a viabilidade do modelo de negocio proposto para a operación da solución e, en concreto, a capacidade de responder de maneira completa ás necesidades técnicas e operativas vinculadas á solución proposta.

Valorárase a coherencia, lóxica e detalle na planificación xeral do proxecto e, en concreto, o detalle nas fases, tarefas e fitos.

Igualmente, valorárase a adecuación do equipo de traballo e, en concreto, a coherencia entre os perfís dos profesionais propostos e o contido técnico das fases de creación e de operación da solución.

Por último, valorárase o grao de detalle e a lóxica do mapa de riscos identificados e as propostas de xestión destes riscos.

V. CICLO DE VIDA DO PRODUTO OU SERVIZO

Valorárase o grao de detalle na descrición do ciclo de vida, en anos, da solución proposta para o usuario final, así como a coherencia na proposta de número de anos de servizo antes de que o produto ou servizo deba ser substituído ou substancialmente modernizado.

Valorárase o grao de detalle e coherencia da proposta de despregamento, incluíndo planificación temporal, modelo de negocio e outros compromisos do licitador vinculados a esta fase como, de ser o caso, a proposta de financiamento complementario.

VI. PROPOSTA DE DIVULGACIÓN E DIFUSIÓN

Valorárase a proposta de difusión da ciencia e a tecnoloxía en Galicia, con actividades que poñan en valor social a investigación e desenvolvemento realizados no marco deste contrato e que teñan como destinatario o cidadán, con especial atención aos nenos e nenas e á mocidade; como, por exemplo, demostradores nas cidades, visitas de colexios ás instalacións do contratista ou a Rozas, etc. con referencia á porcentaxe do orzamento que se lles dedicará a estas actividades.

Os **criterios de adxudicación suxeitos a xuízo de valor** valorárase de conformidade coa metodoloxía “*value for money*”, seguindo unha escala obxectiva de valoración. O baremo a utilizar é o seguinte:

0 PUNTOS	O criterio de valoración non foi considerado na proposta ou a resposta non encaixa co criterio.
1 PUNTO	O contido da proposta responde de forma vaga e cun contido pouco adecuado.
2 PUNTOS	O contido da proposta responde en parte ao criterio, pero ten defectos ou lagoas.

3 PUNTOS	O contido da proposta responde de forma completa ao criterio.
4 PUNTOS	O contido da proposta, ademais de responder de forma completa ao criterio, expón solucións e propostas de valor engadido adicional.
5 PUNTOS	A proposta ofrece o “Best Value” (mellor valor) de todas elas, sempre que obteña polo menos un 4 de valoración e sexa considerado óptimo. Este valor unicamente pode ser acadado como máximo por unha soa proposta en cada criterio de adxudicación.

En función da valoración realizada, outorgaráselles a puntuación correspondente ás propostas para cada un dos criterios. Así, as propostas que, para un criterio determinado obteñan a puntuación de 5 na valoración, serán cualificadas coa máxima puntuación prevista para este criterio conforme o previsto nesta cláusula. O resto das propostas serán cualificadas, en cada criterio, coa puntuación proporcional á que obteñan (0-4 puntos) na valoración.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS (SOBRE C) (25 puntos):

CRITERIO	PUNTOS
VII. MEDIDAS PARA A PROMOCIÓN DA CONCILIACIÓN	10
VIII. PREZO DA INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO	10
IX. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN EN INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	5

VII. MEDIDAS PARA A PROMOCIÓN DA CONCILIACIÓN

Valorarase a incorporación de medidas de flexibilidade espacial, como o teletraballo, ou de flexibilidade na organización do tempo de traballo, melloras nos permisos legalmente establecidos ou prestacións sociais para a atención das responsabilidades familiares. Para a valoración deste criterio terase en conta a existencia dun plan de igualdade ou de conciliación na empresa, no que deberán reflectirse as medidas concretas mencionadas anteriormente e que serán valoradas neste apartado.

En todo caso, para acreditar a existencia e cumprimento do plan de igualdade ou conciliación, poderase tomar o propio plan de igualdade ou conciliación, o Certificado de Empresa Familiarmente Responsable, os acordos ou pactos co persoal referidos a estes extremos.

- 10 puntos pola existencia dun plan de igualdade ou conciliación debidamente xustificado.
- 0 puntos no caso de que non estea dispoñible ou que non se acredite suficientemente a súa existencia e cumprimento.

VIII. PREZO DA INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

En función da proposición económica, as ofertas puntuaranse entre 0 e 10 puntos de acordo cos criterios que a continuación se indican:

- No caso de que existan 5 ou menos propostas admitidas na valoración deste criterio no procedemento de contratación:

$$Vi = 10 \times \left(\frac{Bi}{Be} \right)^{\frac{1}{8-n}} \forall Bi$$

- No caso de que existan máis de 5 propostas admitidas na valoración deste criterio no procedemento de contratación:

$$Vi = 10 \times \left(\frac{Bi}{Be} \right)^{\frac{1}{2}} \forall Bi$$

Onde:

Oi = Oferta da proposta para a que quérese determinar a puntuación (IVE excluído)

Pl = Prezo máximo de licitación (IVE excluído)

Bi = Baixa da proposta para a que se quere determinar a puntuación

$$Bi = 100 * \left(\frac{Pl - Oi}{Pl} \right)$$

Be = Baixa da proposta máis económica de todas as admitidas

Vi = Valoración da proposta económica presentada en escala de 0-10 puntos

n = Número de propostas admitidas

Na aplicación destas fórmulas entenderase por “baixa da oferta” a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído) expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

IX. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN EN INGRESOS DE EXPLOTACIÓN

Utilizarase para a valoración da oferta a porcentaxe de participación da Xunta de Galicia nos ingresos por comercialización dos produtos ou servizos desenvolvidos no proxecto.

A porcentaxe ofertada polo licitador non poderá ser superior ao 10 %. En caso de ofertar un valor superior, considerarase ofertado un 10 % e empregarase este valor a efectos do cálculo da puntuación da oferta do licitador neste criterio de adxudicación.

A puntuación das distintas ofertas obtense utilizando a seguinte fórmula:

$$Vi = 5 * \frac{\% \text{ ofertado sobre os ingresos}}{\% \text{ máximo ofertado sobre os ingresos (mejor oferta)}}$$

Onde:

- Vi = Puntuación da oferta presentada
- % ofertado sobre os ingresos = % que oferta a empresa de participación da Xunta de Galicia nos ingresos por comercialización
- % máximo ofertado sobre os ingresos = % de participación máximo ofertado por algún dos licitadores (mellor oferta)

Criterio de oferta desproporcionada ou anormal:

A aplicación dos seguintes criterios realizarase unicamente respecto das ofertas finais que deben presentar os candidatos ao final da fase de negociación.

Para os efectos da consideración de presunción de baixa temeraria considerarase que están incursas en presunción de temeridade as propostas cunha Bi que exceda en dez (10) ou máis unidades ao valor da “Baixa de referencia” (Br).

Para a obtención de Br requírese previamente a definición de “baixa media” (Bm) en función da media aritmética das ofertas:

$$Om = \frac{1}{n} * \sum_{i=1}^n Oi$$

$$Bm = 100 * \left(\frac{Pl - Om}{Pl} \right)$$

- No caso de que existan 5 ou menos propostas admitidas na valoración deste criterio no procedemento de contratación:

$$Br = Bm$$

- No caso de que existan máis de 5 propostas admitidas na valoración deste criterio no procedemento de contratación:

Determinarase inicialmente a “desviación típica” das baixas ofertadas:

$$\sigma = \sqrt{\frac{1}{n} * \sum_{i=1}^n (Bi - Bm)^2}$$

Para o cálculo de Br elixíranse, entre todas as ofertas, tan só aquelas cuxa baixa estea comprendida no intervalo $Bm \pm \sigma$, é dicir:

$$(Bm - \sigma) \leq Bi \leq (Bm + \sigma)$$

Finalmente establecease o valor da “baixa de referencia” (Br) como a media aritmética das baixas das

ofertas que cumpran a condición anterior.

Cando se identifique unha proposta que poida ser considerada desproporcionada ou anormal deberá dársele audiencia ao licitador que a presentase para que xustifique a valoración da oferta e precise as súas condicións, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables das que dispoña para executar a prestación, a innovación e orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

Poderá xustificar a baixa desproporcionada coa obtención de financiamento para as actividades de innovación previstas no prego de prescricións funcionais, sempre que as axudas de terceiros non sexan incompatibles cos fondos europeos que financian o expediente.

Cando os licitadores non xustifiquen, de acordo co establecido no artigo 149 da LCSP, que a súa oferta, identificada inicialmente como desproporcionada ou anormal, poida ser cumprida, ou cando a citada xustificación sexa considerada insuficiente, as devanditas ofertas quedarán excluídas da clasificación e non serán tidas en conta á hora de valorar as ofertas económicas.

7.2 CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, PROBA DE TRL, ADXUDICACIÓN DA ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN

7.2.1 CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as propostas presentadas. Para realizar a esta clasificación atenderá aos criterios de adxudicación sinalados nos pregos, podendo solicitar para iso cantos informes técnicos estime pertinentes. En todo caso, excluíranse aquelas ofertas que non alcancen o 65 % de puntuación global dos criterios de adxudicación e unha puntuación do 50 % en cada un deles.

En caso de igualdade entre dúas ou máis propostas, dende o punto de vista dos criterios de adxudicación que serven de base para a adxudicación, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teña no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por 100, sempre que as devanditas propostas igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios de adxudicación que sirvan de base para a adxudicación. Se varios licitadores empatasen no que se refire á proposta máis vantaxosa e acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

En caso de persistir o empate entre dous ou máis propostas, de conformidade co establecido no artigo 67.4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aquel candidato que implante un plan de igualdade terá preferencia na adxudicación.

No caso de persistir novamente o empate, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que teña implantado un plan de responsabilidade social empresarial (RSE).

Para os efectos de acreditar a relación laboral con persoas con discapacidade, as empresas deberán achegar a declaración responsable do número de traballadores fixos discapacitados e a porcentaxe que estes representan sobre o total do persoal.

Para os efectos de acreditar a implantación dun plan de igualdade, as empresas achegarán unha declaración responsable.

Para os efectos de acreditar o plan de responsabilidade social empresarial (RSE), as empresas deberán achegar unha declaración responsable.

No caso de igualdade entre dúas ou máis propostas, dende o punto de vista dos criterios de adxudicación que serven de base para a adxudicación, requirirase aos licitadores a acreditación do declarado nestes puntos na orde en que aparecen.

Se aínda persistise o empate na puntuación final, terá preferencia na adxudicación a oferta que no seu conxunto se considere máis beneficiosa para o interese público, tendo en conta a orde de prelación dos criterios de adxudicación e a ponderación da súa incidencia na valoración das ofertas empatadas. Para iso terase en conta a seguinte orde de prelación: os criterios de adxudicación con maior puntuación e, en caso de igual valor, a orde establecida no prego.

En caso de persistir o empate, procederase a realizar un sorteo para determinar a clasificación das ofertas.

7.2.2 PROBA DE TRLS

O órgano de contratación, tras a clasificación das ofertas conforme o apartado anterior e antes de proceder coa adxudicación da Asociación para a Innovación, poderá solicitarlles a todos os licitadores clasificados que demostren a validez da súa proposta dende o punto de vista da madurez tecnolóxica.

Para iso, o órgano de contratación convocará aos licitadores para que proben a súa solución nunha operación que, para cada lote, se axustará ás características xerais da operación de cualificación prevista na cláusula 9.2.1 e no prego de prescricións funcionais. Nesta proba, o licitador deberá demostrar que o TRL de partida da súa solución se adecúa ao indicado na súa proposta.

No caso de que se comprobén discordancias entre a oferta e a situación tecnolóxica real da solución, o licitador será excluído.

7.2.3 ADXUDICACIÓN DA ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación requiriralles aos licitadores que presentaron as mellores ofertas (**máximo de dous licitadores por lote**) e que, en caso de realizarse, superaron a proba de TRL, que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que recibisen o requirimento, presenten a seguinte documentación:

- a) **Personalidade xurídica do empresario e, cando corresponda, a súa representación.** Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución, e de modificación, se procede, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle fose aplicable.

Se non o fose, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, rexistrados, de ser o caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estaren inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante un informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, no que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán achegar un informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado de orixe admite tamén a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá achegar documento irrefutable acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado por un letrado/a da Xunta de Galicia.

b) **Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica**, de conformidade co sinalado na cláusula 6.3.1 do presente prego.

c) **Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar** (segundo modelo que se achega como Anexo IV-A), subscrita pola persoa que asine a proposta de ter plena capacidade de obrar e non estar incurso en prohibición de contratar, de conformidade co disposto no artigo 71 da LCSP.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade xudicial.

d) **Para as empresas estranxeiras**, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, cando corresponda, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitante.

e) **Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias** (coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de estar dadas de alta no Imposto sobre Actividades Económicas), e coa Seguridade Social ou autorice a Administración para obter de forma directa a acreditación destes extremos.

f) **Documentación xustificativa da constitución da garantía definitiva.**

g) Documentación acreditativa do **pagamento dos anuncios** da presente contratación nos

correspondentes boletíns oficiais.

Se o licitador está inscrito no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, quedará eximido da presentación daquela documentación acreditativa que conste certificada por estes rexistros.

Nestes dous casos, a proposta presentada polo licitador deberá ir acompañada dunha declaración responsable (segundo modelo que se achega como Anexo IV-B) na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas nos mencionados Rexistros non experimentaron variación.

Toda a documentación a presentar polos candidatos deberá ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas por funcionarios da Xunta de Galicia conforme a lexislación vixente na materia, excepto o documento acreditativo da garantía provisional, cando corresponda, que terá que ser orixinal. Así mesmo, os candidatos presentarán a súa documentación en castelán ou galego.

De non cumprir adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedasen clasificadas as ofertas.

A adxudicación deberá ser motivada, notificaráselle aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

O órgano de contratación adxudicará o contrato que se puidese derivar do presente procedemento no prazo máximo de 2 meses a contar dende o día seguinte á apertura da oferta final.

7.3 GARANTÍA DEFINITIVA

O adxudicatario está obrigado a constituír e depositar na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda, a disposición do órgano de contratación, unha garantía definitiva do cinco por cento do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Acreditarase mediante documento orixinal no prazo de dez días hábiles dende o seu requirimento.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP, e presentarse telematicamente segundo o procedemento establecido na Orde do 23 de maio de 2008 da Consellería de Economía e Facenda (DOG non 115 do 16 de xuño de 2008): <http://www.conselleriadeconomia.es/servizos-e-tramites/listaxe-servizos/servizos/constitucion-de-depositos-e-garantias>.

Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá readaptarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados dende a data en que se lle notifique ao empresario o acordo de modificación.

No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ao adxudicatario, este deberá repoñer ou ampliar aquela, na contía que corresponda, no prazo de quince días dende a execución, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

A garantía afecta as responsabilidades establecidas no artigo 110 da LCSP.

A garantía será devolta ou cancelada de acordo co disposto no artigo 111 da LCSP.

8. FORMALIZACIÓN DA ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN

Concluído o procedemento de adxudicación da Asociación para a Innovación mediante a selección do proxecto de investigación e desenvolvemento, formalizarase a Asociación para a Innovación entre o órgano de contratación e o ou os operadores económicos seleccionados (socios).

O contrato formalizarase en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo este documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. No entanto, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso se poderán incluír no documento no que se formalice a Asociación para a Innovación cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran dez días naturais dende o día seguinte á notificación da adxudicación aos licitadores.

O órgano de contratación requiriralle ao adxudicatario que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que tivese interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

Terán carácter contractual e rexeranse pola seguinte orde de prelación os seguintes documentos:

- O presente PCAP ou, cando corresponda, a súa actualización durante a negociación.
- O PPF ou, cando corresponda, a súa actualización durante a negociación.
- O contrato.
- A oferta do Socio adxudicatario.

9. EXECUCIÓN DA ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN

9.1 FORMA DE EXECUCIÓN E OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA

As obrigacións finais do socio virán determinadas polo previsto nos pregos e nas cláusulas do contrato, que estará baseado nos resultados obtidos na etapa de negociación.

É unha obrigación do contratista a garantía da prestación do conxunto de servizos necesarios para a creación, cualificación e operación da solución descrita na cláusula 3.1. Inclúense neste conxunto de servizos, a provisión de todos os elementos hardware e software necesarios para o desenvolvemento do proxecto obxecto desta contratación.

Nos lotes 1, 2, 3 e 4, o contratista deberá cumprir coas obrigacións derivadas do financiamento con fondos europeos do presente expediente, de conformidade coa cláusula 2.1 deste prego. Deberanse respectar as esixencias de información e publicidade reguladas no apartado 2.2 do Anexo XII do devandito Regulamento (UE) n.º 1303/2013, que inclúen a obrigación de colocar un cartel con información sobre o proxecto nos

termos previstos no apartado 2.2 do Anexo XII e coas características técnicas previstas nos artigos 3 a 5 do Regulamento de Execución (UE) 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello. Ademais, segundo o establecido no Regulamento (UE) n.º 2020/2221 que modifica o Regulamento 1303/2013, toda mención do FEDER realizada segundo o regulado no mencionado apartado 2.2 do Anexo XII completárase coa referencia “financiado como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19”.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo das previsións sobre o equilibrio económico financeiro que se poidan establecer nel. O alcance dos riscos que se pacten, compartidos pola Administración e o contratista, será detallado no devandito contrato.

Será obrigación do contratista indemnizar por todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

O contratista deberá cumprir as seguintes condicións especiais de execución de tipo social:

- Cumprir durante todo o período de execución de contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación.
- Ter a disposición do órgano de contratación a documentación completa e verificable sobre os traballadores e traballadoras empregados, presentala a este órgano cando este o requira e advertir ás persoas traballadoras sobre a posibilidade dunha inspección por parte de dito órgano.

No caso de que nas fases de creación e operación da solución se cheguen aos rendementos acordados e se supere con éxito a fase de investigación e desenvolvemento, o órgano de contratación poderá optar a adquirir as solucións innovadoras resultantes da I+D.

9.2 ESTRUCTURA E EXECUCIÓN DA ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN

A presente Asociación para a Innovación, sen prexuízo das adaptacións que poidan facerse durante a negociación cos candidatos, estruturarase nas seguintes fases seguindo a secuencia das etapas do proceso de investigación e innovación que poderá incluír tamén a fabricación e adquisición das solucións resultantes se estas alcanzan os niveis de rendemento e custos acordados:

9.2.1 FASE DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Abarcará as seguintes fases:

➤ FASE DE CREACIÓN DA SOLUCIÓN:

Número máximo de socios que participarán nesta fase: **dous por lote**.

Esta fase refírese ao período que vai dende a formalización do contrato entre o órgano de contratación (GAIN) e os socios (adxudicatarios) ata á demostración final da solución coa superación da operación de cualificación. A Operación de cualificación é a proba ou conxunto de probas do sistema nunha contorna real que permitan afirmar que a solución está en TRL9 (véxase definición de TRL no anexo VI):

- *Demostración dunha misión completa do sistema na súa forma definitiva e en condicións*

reais.

- *Uso do sistema en condicións de misión operacionais.*
- *O sistema foi executado e operado con éxito na contorna operativa real.*
- *Resultados operativos da misión probados documentalmente.*

En cada lote, a solución desenvolvida deberá superar os fitos de cualificación, cuxa consecución se avaliará na operación de cualificación. No prego de prescricións funcionais fíxose unha estimación ou intervalo cuantitativo ou cualitativo desexable para cada fito; ao longo da negociación, o órgano de contratación poderá alterar o valor específico dos fitos de cualificación.

Sen prexuízo do detalle ofrecido no prego de prescricións funcionais, a fase de creación abarcará os seguintes aspectos e fitos de cualificación:

- **Lote 1. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a atención sanitaria urxente no Camiño de Santiago por medio de UAVs:**

A fase de creación abarcará:

- O desenvolvemento de todos os elementos necesarios para a execución da misión, incluíndo tanto o deseño da solución técnica como o deseño da solución de prestación do servizo:
 - Base de operacións.
 - Aeronave.
 - Sistemas de apoio (S&A ou outros) e equipamentos precisos para obter as autorizacións pertinentes, tales como altofalante/bucina e faro de iluminación no UAV.
- A obtención das autorizacións administrativas.

Na primeira fase deberánse cubrir 80 km do Camiño francés. O tempo de atención aos casos urxentes neste tramo non deberá superar os 10 minutos entre a recepción da alerta no centro de control de UAV e a chegada da aeronave ao seu destino.

Fíxanse os seguintes fitos de cualificación para esta fase:

- Ensaio previo en contorna real: voo BVLOS, entrega de material, chegada a 18 km en 10 minutos, mantemento da comunicación de datos co Servizo 061 durante polo menos 2 horas.
- Ensaio de cualificación:
 - Xestión da emerxencia de forma coordinada co Servizo 061.
 - Engalaxe e desprazamento ao momento de atención sinalado (tempo máximo 10 minutos).
 - Entrega do kit médico.
 - Voo estacionario durante a atención.
 - Retorno á base.

- **Lote 2. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora de monitorización de zonas forestais para a prevención, extinción de incendios e restauración post-incendios por medio de UAVs:**

A fase de creación abarcará as seguintes actuacións:

- Desenvolvemento de sistemas que permitan que as operacións sexan autorizadas por AESA/EASA.
- Integración da plataforma e os sensores.
- Validación dos algoritmos.
- Integración operativa de todos os elementos na prestación do servizo.
- Demostración das diferentes funcionalidades.
- Demostración do funcionamento integrado de todas as funcionalidades.

Durante esta fase deberán cumprirse os seguintes fitos:

Fitos de desenvolvemento:

- Demostración funcional de todas as funcionalidades en contorna real.
- Demostración de prestación ininterrompida dos servizos durante 12 horas consecutivas.

Fitos de cualificación; prestación durante polo menos tres días consecutivos:

- Vixilancia nocturna de incendios con cartografía de estado da fronte.
- Vixilancia diúrna con seguimento continuo da fronte de polo menos 12 horas.

- **Lote 3. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a inspección e vixilancia pesqueira, marisqueira e acuícola, por medio de UAVs:**

A fase de creación abarcará as seguintes actuacións:

- Desenvolvemento do Sistema de xestión de inspeccións, incluíndo as seguintes funcionalidades:
 - Consulta de Información.
 - Xestión de Actas de Inspección.
 - Informes.
 - Administración.
- Desenvolvemento e adaptación de Algoritmia, incluíndo as seguintes funcionalidades:
 - Algoritmo de cálculo de cordas.
 - Algoritmo de detección e lectura de placa.
 - Algoritmo de detección de casetas.

Fíxanse os seguintes fitos de cualificación da solución:

- Demostración da capacidade de cálculo de cordas nas bateas.

- Demostración da capacidade de lectura de placas identificativas en bateas e en embarcacións.
- Demostración da capacidade de detección de casetas.
- Demostración de capacidade de inspección de 300 bateas nun mes.
- Demostración da capacidade de detectar situacións de actividades pesqueiras potencialmente irregulares.
- Demostración da capacidade de prestación do servizo de polo menos dúas semanas de maneira continua en xornada de luz natural.

Vixilancia pesqueira: Durante un período de 16 días realizarase unha operación de vixilancia pesqueira orientada a validar a capacidade de identificación de actividade e de barcos de pesca en alta mar. O servizo piloto require un sistema non tripulado capaz de engalaxe e aterraxe vertical (VTOL) para a súa operación dende calquera punto da costa, cunha autonomía máxima de polo menos 4 horas.

Os licitadores deberán propoñer fitos específicos que permitan verificar estes fitos principais.

- **Lote 4. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a localización de persoas extraviadas por medio de UAVs:**

A fase de creación abarcará as seguintes actuacións:

- Desenvolver, cando corresponda, os equipos que proporcionarlles aos usuarios do sistema.
- Desenvolver os compoñentes a instalar nas plataformas aéreas.
- Desenvolver os sistemas de xestión do servizo e os seus interfaces cos sistemas do Servizo 112.
- Demostrar o funcionamento integrado de todos eles.

Fíxanse os seguintes fitos de cualificación para esta fase:

- Verificación da capacidade do sistema para localizar persoas polo método ou métodos propostos.
- Realización de tres misións de procura reais no prazo de dúas semanas con polo menos dous resultados positivos.

- **Lote 5. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a análise de poboacións de sementes de mexillón e especies cohabitantes por medio de UAVs:**

A fase de creación abarcará as seguintes actuacións:

- Deseño do plan de voos con drons multirrotor e á fixa.
- Realización dun primeiro set de voos entre outubro e decembro do 2022 poñendo en marcha aquelas melloras que optimicen o seu uso en zonas do litoral.

- Procesamento da información recollida, xeración de mosaico, xeración de modelos dixitais do terreo.
- Creación da base de datos e servizos de acceso aos datos.
- Desenvolvemento de ferramentas que faciliten a visualización e análise da información xerada a través de ferramentas de software libre ou aquelas que indiquen os técnicos da Consellería do Mar.

A validación levarase a cabo ao final da fase de creación, realizando voos que correspondan ao segundo set de voos entre marzo e abril do 2023 na provincia da Coruña

Previamente á realización da operación de cualificación, terá que estar implantado e dispoñible o seguinte:

- Deseño de operacións no medio mariño que permita cubrir as áreas obxectivo a un custo viable.
- Realización do primeiro set de voos cubrindo a superficie indicada (provincias de A Coruña e Pontevedra).
- Ferramentas de procesamento das imaxes recollidas, xeración de mosaicos e modelos dixitais do terreo.
- Base de datos integrada nos servidores que indique a Consellería do Mar, con toda a información xerada na fase de desenvolvemento xa integrada seguindo os formatos estándares que se definan.
- Ese set de imaxes tamén estará dispoñible para o seu uso polo Plan Complementario de Ciencias Mariñas, a través dos servizos de datos que se teñan implementado.
- Imaxes segmentadas distinguindo cobertura de mexilla.
- Ferramentas de visualización e análise das imaxes que permitan un fácil acceso ao set de imaxes recollidas e á segmentación realizada.

Fíxanse os seguintes fitos de cualificación para esta fase:

- Realización de campaña segundo o deseño de operacións no litoral da Coruña nas Zonas definidas polo Centro de Investigacións Mariñas (en diante CIMA) ata o límite de 15 km de costa.
- Acceso ás imaxes procesadas e organizadas no tres días seguintes á realización do voo.
- Calidade das imaxes adecuada para o obxectivo proposto, sendo posible distinguir visualmente as zonas de mexilla e percebe.
- Imaxes segmentadas e (opcionalmente) superpostas no modelo dixital do terreo nos seguintes 15 días tras a realización do voo.
- Acceso a todo o set de imaxes novas.
- Posibilidade de recuperar e comparar imaxes de distintos períodos a través das ferramentas de visualización e análise.
- Posibilidade de obter valores de cobertura de mexilla nas zonas establecidas.

Os socios cuxas solucións cumpran cos citados fitos de cualificación progresarán á fase de operación da solución. O resto serán excluídos.

➤ **FASE DE OPERACIÓN DA SOLUCIÓN:**

Número máximo de socios que participarán nesta fase: **dous por lote.**

Esta fase abarcará o período de tempo entre a superación da operación de cualificación e a finalización da fase de investigación e desenvolvemento, logo de executarse as operacións previstas e transcorrido o prazo de execución da fase de operación. Durante este período deberá operarse a solución, baixo a supervisión do usuario pioneiro, demostrando a validez do modelo de negocio exposto.

En cada lote, a solución desenvolvida deberá superar os fitos de operación previstos no prego de prescricións funcionais, no que se fixou unha estimación ou intervalo cuantitativo ou cualitativo desexable para cada fito; ao longo da negociación, o órgano de contratación poderá alterar o valor específico dos fitos de operación.

Sen prexuízo do detalle ofrecido no prego de prescricións funcionais, a fase de operación abarcará os seguintes aspectos e fitos de operación:

- **Lote 1. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a atención sanitaria urxente no Camiño de Santiago por medio de UAVs:**

A fase de operación implicará a realización do servizo sempre que sexa necesario, prevéndose polo menos catro operacións en dous meses e polo menos dous delas en xornadas consecutivas. Nesta primeira etapa non se considera necesaria a prestación simultánea do servizo por varias aeronaves.

En cada unha das operacións deberán superarse os seguintes fitos de operación:

- Xestión da emerxencia de forma coordinada co Servizo 061.
 - Engalaxe e desprazamento ao momento de atención sinalado (tempo máximo 10 minutos).
 - Entrega do kit médico.
 - Voo estacionario durante a atención.
 - Retorno á base.
- **Lote 2. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora de monitorización de zonas forestais para a prevención, extinción de incendios e restauración post-incendios por medio de UAVs:**

A fase de operación abarcará as seguintes actuacións:

- Prestación do servizo de prevención durante dous meses.
 - Dispoñibilidade para a prestación do servizo de extinción durante dous meses.

- Prestación do servizo de apoio á extinción durante dúas semanas.
- Prestación do servizo de recuperación post-incendio durante dous meses, con polo menos un mes de execución real de misións.

Na fase de operación deberanse cumprir os seguintes fitos de operación:

- Prestar de forma simultánea o servizo de prevención e o de apoio á extinción durante unha semana completa.
- Prestar o servizo de prevención durante un mes completo.
- Prestar o servizo de apoio á extinción durante vinte días consecutivos.

- **Lote 3. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a inspección e vixilancia pesqueira, marisqueira e acuícola, por medio de UAVs:**

A fase de operación deste lote consistirá na realización do servizo de inspección durante un mes e medio e na demostración da capacidade de inspección de 75 bateas por semana durante ao menos seis semanas no prazo de dous meses.

Fíxanse os seguintes fitos de operación:

- Prestación do servizo completo durante polo menos un mes e medio completos nun prazo temporal de dous meses.
- Inspección de 450 bateas
- Dúas operacións de vixilancia pesqueira de dúas semanas a realizar no prazo de dous meses.

- **Lote 4. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a localización de persoas extraviadas por medio de UAVs:**

A fase de operación consistirá na realización de polo menos 10 operacións de procura.

Fíxanse os seguintes fitos de operación:

- Realización de dez misións de procura reais no prazo de dous meses con polo menos sete resultados positivos.

- **Lote 5. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a análise de poboacións de sementes de mexillón e especies cohabitantes por medio de UAVs:**

Contido da fase de operación: superada a operación de cualificación, procederase a completar o segundo set de voos na Coruña e Pontevedra que permita demostrar que a solución é útil para a Consellería e que o modelo de negocio é viable. Esta fase de operación ten que demostrar que supón unha mellora cualitativa e cuantitativa na información dispoñible para a toma de decisións de xestión do recurso e que a obtención desta información comporta un proceso asumible polos técnicos da Consellería do Mar.

O fito de operación desta fase consistirá nunha operación completa a realizar no litoral de Pontevedra. Esta operación incluirá:

- Realización de campaña segundo o deseño de operacións no litoral rochoso de Pontevedra. Zonas definidas polo CIMA ata o límite de 15 km de costa.
- Facilitade de acceso a todo o set de imaxes (de voos realizados durante a fase de desenvolvemento, fase de cualificación e as imaxes recollidas durante a cualificación).
- Diminución dos tempos de avaliación do recurso de mexilla no litoral en comparación coas campañas de campo.
- Capacidade para a toma de decisións de xestión do recurso en función da información recollida.
- Verificación de que os custos do servizo son viables.

Os socios cuxas solucións cumpran cos citados fitos de operación ao final desta fase progresarán á fase de adquisición, implementación ou despregamento. O resto serán excluídos.

9.2.2 FASE DE ADQUISICIÓN, IMPLEMENTACIÓN OU DESPREGAMENTO

Esta fase constitúe a opción contractual da Administración pola que poderá adquirir as solucións desenvolvidas sempre que alcancen as expectativas, requisitos e niveis de rendemento previstos, así como os custos máximos acordados. O obxecto desta fase, con carácter xeral, será a adquisición polo usuario ou usuarios da Xunta de Galicia da solución desenvolvida que supere a fase de operación ou, en función das súas características, o seu despregamento ou implementación como servizo.

No prego de prescricións funcionais detállanse as características básicas da fase de despregamento de cada solución referida a cada un dos lotes, sen prexuízo das variacións introducidas durante a negociación. En concreto:

- **Lote 1. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a atención sanitaria urxente no Camiño de Santiago por medio de UAVs:**

A fase de adquisición, implementación ou despregamento deste lote implicará a implementación en modo servizo da solución desenvolvida e a súa operación e mantemento polo prazo establecido na cláusula 3.5.

O adxudicatario deberá prestar o servizo de asistencia remota urxente consonte o previsto neste prego e no contrato.

- **Lote 2. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora de monitorización de zonas forestais para a prevención, extinción de incendios e restauración post-incendios por medio de UAVs:**

A fase de adquisición, implementación ou despregamento deste lote implicará a implementación en modo servizo da solución desenvolvida e a súa operación e mantemento polo prazo establecido na cláusula 3.5. En concreto, esta fase implicará:

- Prestación do servizo de prevención.
- Prestación do servizo de apoio á extinción.

- Prestación do servizo de recuperación/rexeneración post-incendio

O adxudicatario deberá prestar o servizo de asistencia remota consonte o previsto neste prego e no contrato.

- **Lote 3. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a inspección e vixilancia pesqueira, marisqueira e acuícola, por medio de UAVs:**

A fase de adquisición, implementación ou despregamento deste lote implicará a implementación en modo servizo da solución desenvolvida e a súa operación e mantemento polo prazo establecido na cláusula 3.5.

O adxudicatario deberá prestar o servizo de asistencia remota consonte o previsto neste prego e no contrato.

- **Lote 4. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a localización de persoas extraviadas por medio de UAVs:**

A fase de adquisición, implementación ou despregamento deste lote implicará a implementación en modo servizo da solución desenvolvida e a súa operación e mantemento polo prazo establecido na cláusula 3.5.

O adxudicatario deberá prestar o servizo de asistencia remota consonte o previsto neste prego e no contrato.

- **Lote 5. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a análise de poboacións de sementes de mexillón e especies cohabitantes por medio de UAVs:**

A fase de adquisición, implementación ou despregamento deste lote implicará a implementación en modo servizo da solución desenvolvida e a súa operación e mantemento polo prazo establecido na cláusula 3.5.

O adxudicatario deberá levar a cabo as prestacións de monitorización do litoral rochoso e de avaliación prioritaria da abundancia de mexilla, con posibilidade de ampliar esta avaliación a outras especies, a través de imaxes obtidas a través de drons multirrotor e/ou á fixa.

O órgano de contratación, en función dos resultados alcanzados, de se estes cumpren os requisitos e niveis de rendemento acordados, do orzamento e do grao de cumprimento dos elementos a desenvolver, resolverá o procedente sobre a adquisición das solucións resultantes.

Se só un socio tivese alcanzado os resultados acordados, o órgano de contratación poderá adxudicar a adquisición das solucións nos termos sinalados no presente prego. Se fosen varios os socios que tivesen alcanzado os resultados acordados, o órgano de contratación, poderá decidir ben seleccionar ao socio ao que se deba efectuar as citadas adquisicións derivadas do procedemento de asociación para a innovación de acordo cos criterios obxectivos sinalados no presente apartado, ou ben poderá seleccionar aos dous socios.

Neste último caso, sempre con suxeición ao orzamento base de licitación correspondente á fase de adquisicións derivadas en cada lote, o órgano de contratación poderá acordar a adquisición, despregamento ou implementación de forma simultánea ou sucesiva de todas as solucións en función das necesidades administrativas, as características técnicas, o seu grao de compatibilidade e o lote en que se enmarcan.

No caso de que se acorde a adquisición sucesiva das solucións, a orde de prelación para a súa execución virá determinada polo resultado da aplicación dos criterios obxectivos sinalados na presente cláusula.

No suposto de que o socio opere noutro Estado membro da UE, deberán cumprirse todos os requisitos rexionais equivalentes no Estado membro e tamén cumprir con todos os requisitos legais e normativos para a súa distribución en España. No caso de que o operador non dispoña de domicilio social nun Estado membro e/ou a fabricación se realice fóra da UE, deberá cumprirse toda a normativa nacional e internacional de aplicación.

Durante esta fase o contratista quedará obrigado, sen custo para o órgano de contratación, a incorporar durante a execución todas as innovacións técnicas posteriores que se vaian incorporando á solución.

No caso de que, durante o prazo de execución do proxecto, o mercado desenvolva solucións que superen funcionalmente as desenvolvidas na fase de investigación e desenvolvemento, ou que a evolución da técnica elimine a necesidade inicialmente detectada, GAIN resérvase o dereito de non executar a fase de adquisición, despregamento ou implementación das solucións desenvolvidas.

No caso de que máis dun socio alcance esta fase, a mellor oferta será determinada conforme os seguintes criterios de calidade-prezo:

- **Lote 1. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a atención sanitaria urxente no Camiño de Santiago por medio de UAV:**

A adquisición/despregamento deste lote consistirá na prestación do servizo de asistencia sanitaria remota urxente no Camiño de Santiago.

A mellor oferta calcularase conforme os seguintes criterios:

Criterios non avaliados automaticamente:

- **Características técnicas e rendemento da solución (60 puntos):** atendendo ao funcionamento completo da solución e as sinerxías xeradas. Na avaliación considerárase, en todo caso, o tempo de chegada dos UAV a unha distancia de 18 km (sen que en ningún caso poidan superarse os 10 minutos) e a capacidade de carga útil (mínimo de 5 kg). O criterio avaliarase conforme a metodoloxía “*value for money*” prevista na cláusula 7.1.

Criterios avaliados automaticamente:

- **Custo por cada 1.000 km² de cobertura (30 puntos):** outorgaráselle a máxima puntuación á mellor oferta e o resto serán puntuadas de forma proporcional.

- **Prazo de entrega ou comezo dos servizos (10 puntos):** outorgaráselle a máxima puntuación ao menor prazo ofertado dende a formalización do contrato e o resto serán puntuados de forma proporcional.

Durante os meses iniciais de despregamento, e en acordo co 061, desenvolveranse métricas de eficiencia do servizo que permitirán obter datos durante os meses de servizo piloto e que poidan empregarse para obter, como resultado deste servizo piloto, medidas obxectivas e significativas da viabilidade da solución.

- **Lote 2. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora de monitorización de zonas forestais para a prevención, extinción de incendios e restauración post-incendios por medio de UAVs:**

A adquisición/ despregamento deste lote consistirá na prestación do servizo de prevención e reacción fronte a incendios.

A mellor oferta calcularase conforme os seguintes criterios:

Criterios non avaliados automaticamente:

- **Características técnicas e rendemento técnico relacionadas coa eficacia (30 puntos):** valoración da capacidade da solución para realizar a vixilancia nocturna e realizar o seguimento diúrno da evolución do incendio. O criterio avaliarase conforme a metodoloxía “*value for money*” prevista na cláusula 7.1.

Criterios avaliados automaticamente:

- **Características técnicas e rendemento técnico relacionadas coa eficiencia (30 puntos):** defínese a eficiencia como o menor tempo en iniciar os traballos de extinción pola mañá e empregarase como unidade de valoración as hectáreas cubertas en modo de prevención. Outorgaráselle a máxima puntuación á mellor oferta e o resto serán puntuadas de forma proporcional.
- **Custo de ciclo de vida da solución (30 puntos):** outorgaráselle a máxima puntuación á mellor oferta e o resto serán puntuadas de forma proporcional.
- **Prazo de entrega ou comezo dos servizos (10 puntos):** outorgaráselle a máxima puntuación ao menor prazo ofertado dende a formalización do contrato e o resto serán puntuados de forma proporcional.

- **Lote 3. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a inspección e vixilancia pesqueira, marisqueira e acuícola, por medio de UAVs:**

A adquisición consistirá no despregamento do servizo de inspección de bateas e de vixilancia pesqueira e a súa prestación de forma continua.

A mellor oferta calcularase conforme os seguintes criterios:

Criterios avaliados automaticamente:

- **Características técnicas e rendemento técnico relacionadas coa eficiencia (60 puntos):**

- **Maior número de bateas inspeccionadas por semana** (incluíndo a lectura da placa identificativa). Outorgáraselle a máxima puntuación á mellor oferta e o resto serán puntuadas de forma proporcional (30 puntos).
- **Número de alertas de vixilancia pesqueira cada dúas semanas.** Outorgáraselle a máxima puntuación á mellor oferta e o resto serán puntuadas de forma proporcional (30 puntos).
- **Custo de ciclo de vida da solución (30 puntos):** outorgáraselle a máxima puntuación á mellor oferta e o resto serán puntuadas de forma proporcional.
- **Prazo de entrega ou comezo dos servizos (10 puntos):** outorgáraselle a máxima puntuación ao menor prazo ofertado dende a formalización do contrato e o resto serán puntuados de forma proporcional.

- **Lote 4. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a localización de persoas extraviadas por medio de UAVs:**

A adquisición consistirá no despregamento do servizo de procura de persoas nos casos de uso propostos polo contratista.

A mellor oferta calcularase conforme os seguintes criterios:

Criterios non avaliados automaticamente:

- **Tipoloxías (casos de uso) de localizacións abordadas (30 puntos):** valoración das localizacións en que pode executarse o servizo e dos casos de uso aplicables. O criterio avaliarase conforme a metodoloxía “*value for money*” prevista na cláusula 7.1.

Criterios avaliados automaticamente:

- **Características técnicas e rendemento técnico relacionadas coa eficiencia (30 puntos):**
 - **Número de misións exitosas sobre o total abordado.** Outorgáraselle a máxima puntuación á mellor oferta e o resto serán puntuadas de forma proporcional. (15 puntos).
 - **Tempo medio de resolución da procura.** Outorgáraselle a máxima puntuación á mellor oferta e o resto serán puntuadas de forma proporcional. (15 puntos).
 - **Custo de ciclo de vida da solución (30 puntos):** outorgáraselle a máxima puntuación á mellor oferta e o resto serán puntuadas de forma proporcional.
 - **Prazo de entrega ou comezo dos servizos (10 puntos):** outorgáraselle a máxima puntuación ao menor prazo ofertado dende a formalización do contrato e o resto serán puntuados de forma proporcional.
- **Lote 5. Desenvolvemento e adquisición dunha solución innovadora para a análise de poboacións de sementes de mexillón e especies cohabitantes por medio de UAVs:**

A mellor oferta calcularase conforme os seguintes criterios:

Criterios non avaliados automaticamente:

- **Características técnicas e rendemento técnico relacionadas coa eficacia e eficiencia (30 puntos):** valoración das seguintes características e capacidades da solución:
 - Capacidade para distinguir visualmente entre percebe e mexilla.
 - Calidade das ferramentas de segmentación de imaxes propostas.
 - Facilitade de uso da ferramenta de visualización e análise das imaxes.
 - Compatibilidade da ferramenta proposta coas xa utilizadas pola Consellería do Mar.

O criterio avaliarase conforme a metodoloxía “*value for money*” prevista na cláusula 7.1. Durante os meses iniciais de despregamento e, de acordo co CIMA, desenvolveranse métricas de eficiencia do servizo que permitirán obter datos durante os meses de execución que poderán empregarse para obter, como resultado deste servizo piloto, medidas obxectivas e significativas da viabilidade da solución.

Criterios avaliados automaticamente:

- **Características técnicas e rendemento técnico relacionadas coa eficiencia (30 puntos):** defínese a eficiencia como a maior superficie cuberta por voos simultáneos, que permita aproveitar as mareas baixas máis intensas e, empregarse como unidade de valoración a superficie cuberta polos voos con imaxes de calidade suficiente para unha segmentación efectiva da mexilla nas imaxes. Outorgaráselle a máxima puntuación á mellor oferta e o resto serán puntuadas de forma proporcional.
- **Custo por cada km² de cobertura (30 puntos):** outorgaráselle a máxima puntuación á mellor oferta e o resto serán puntuadas de forma proporcional.
- **Prazo de entrega ou comezo dos servizos (10 puntos):** outorgaráselle a máxima puntuación ao menor prazo ofertado dende a formalización do contrato e o resto serán puntuados de forma proporcional.

9.3 DIRECCIÓN TÉCNICA DO PROXECTO

GAIN realizará a dirección técnica do proxecto, entendendo como tal o desempeño do rol de enxeñería de sistemas de alto nivel, sendo o interlocutor principal das empresas contratadas.

GAIN poderá establecer distintos modelos de seguimento técnico de cada proxecto, en función da complexidade e alcance de cada un deles. Os licitadores deberán implantar estes modelos de seguimento na realización do proxecto ou proxectos nos que resulten adxudicatarios, e colaborar lealmente con GAIN e os seus asesores técnicos no correcto funcionamento dos modelos de seguimento empregados.

Con carácter xeral, sen prexuízo das particularidades que, conforme o parágrafo anterior, se poidan establecer, o control, xestión e seguimento das distintas fases da Asociación para a Innovación axustaranse, en cada lote, ao seguinte:

9.3.1 CONTROL E SEGUIMIENTO DA FASE DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO (FASES DE CREACIÓN E OPERACIÓN DAS SOLUCIÓNS).

O responsable do contrato será o encargado do control e seguimento técnico da Asociación para a Innovación no que se refire ao cumprimento dos fitos fixados en cada fase e o seu pase á seguinte, de acordo cos procedementos establecidos. O responsable do contrato será designado polo órgano de contratación e poderá contar co apoio dun equipo cuxo coñecemento sexa relevante para o seguimento e control do contrato.

O responsable do contrato terá as seguintes funcións:

- A coordinación e supervisión da execución da asociación e dos proxectos.
- Ditar instrucións necesarias para asegurar a correcta execución das prestacións contractuais.
- Elevar ao órgano de contratación as propostas relativas aos aspectos de “finalización satisfactoria” e “finalización con éxito” das distintas fases.
- O asesoramento ao órgano de contratación na toma de decisións.

Así mesmo, o órgano de contratación, a través do responsable do contrato, establecerá medidas de control e seguimento e, de ser o caso, correctoras que garantan a adecuada xestión e execución dos fondos europeos cos que se financia este expediente. Os adxudicatarios estarán obrigados ao cumprimento estrito destas medidas.

O responsable do contrato verificará o cumprimento dos fitos previstos, para cada unha das fases que conforman a investigación e desenvolvemento, de conformidade coa cláusula 9.2. Sobre a base dos obxectivos de cada fase, o órgano de contratación poderá decidir, ao final de cada unha delas, resolver a Asociación para a Innovación e excluír os socios que non superen os correspondentes fitos.

Para estes efectos é necesario distinguir entre a “finalización con éxito” e a finalización satisfactoria” de cada fase:

a) Pagamentos baseados na “finalización satisfactoria” e resultados de cada Fase.

Os pagamentos correspondentes a cada fase de I +D (fase de creación e fase de operación) estarán suxeitos á finalización, execución ou cumprimento satisfactorio da fase, denominándose “finalización satisfactoria” e sendo diferente do concepto “finalización con éxito”. Durante a execución da fase de creación, poderanse realizar pagamentos parciais suxeitos ao cumprimento satisfactorio de determinados fitos, conforme o previsto no contrato.

O contrato recollerá os fitos, actuacións e obxectivos que deberá cumprir o socio en cada unha das citadas fases.

A finalización satisfactoria será un requisito para o pagamento.

A comprobación da finalización/execución satisfactoria, ou non, dunha fase corresponde ao responsable do contrato, quen elevará a proposta ao órgano de contratación.

A finalización satisfactoria será avaliada de acordo cos seguintes requisitos:

- Se se levou a cabo o traballo técnico correspondente a ese fito/entrega co alcance e a dilixencia debida.
- Se se presentaron os correspondentes entregables, informes e demostracións establecidos para o fito.
- Se os entregables do fito teñen una calidade mínima razoable.
- Se os medios e recursos achegados polo socio foron empregados e xustificados, sendo o seu consumo proporcional ao contido do fito.
- Se o traballo se levou a cabo de conformidade coas disposicións do contrato (incluíndo en particular, a verificación de se o socio protexeu e xestionou debidamente os dereitos de propiedade intelectual xerados na fase respectiva).

No caso de que o responsable do contrato considere insatisfactoria a realización dalgúns dos apartados anteriores, das entregas ou das etapas, poderá propoñer a redución proporcional ou retirada dos pagamentos correspondentes.

Por “Calidade mínima razoable” dun informe entenderase que:

- o informe pode ser lido por alguén que estea familiarizado co tema, pero non un experto;
- o informe dá unha idea das tarefas levadas a cabo para a obtención dos resultados.

Por “Calidade mínima razoable” dunha demostración, entenderase que:

- a demostración pode ser entendida por alguén que estea familiarizado co tema, pero non un experto (por exemplo, alguén con coñecemento operativo, pero non técnico);
- a demostración mostra como funciona a innovación, a forma en que se pode utilizar.

A “finalización satisfactoria” en cada unha das fases non significa a súa “finalización con éxito”.

A fase podería ser completada satisfactoriamente mesmo se se chega á conclusión de que a innovación non é factible.

b) Elixibilidade para a seguinte fase baseándose na “finalización con éxito” da fase anterior.

A elixibilidade do proxecto para que a investigación e desenvolvemento pase á seguinte fase, estará suxeita á “finalización con éxito” da fase corrente.

A “finalización con éxito” será un requisito previo para o paso dunha fase á seguinte.

Correspóndelle ao responsable do contrato elevar a proposta ao órgano de contratación sobre a finalización con éxito de cada fase.

O responsable do contrato deberá avaliar, polo menos, os seguintes requisitos:

- Se todos os obxectivos e fitos de rendemento se completaron con éxito.

- Se o grao de madurez tecnolóxica do proxecto e os seus resultados previsibles avanza de acordo co establecido no Contrato.
- Se os resultados da I+D da fase cumpren coas funcións e requisitos de funcionamento e rendemento descritos no presente prego e no prego de prescricións funcionais.
- Se os resultados da I+D se consideran prometedores.

Por "Prometedores" entenderase:

- Para a Fase de creación, que a viabilidade é convincente.
- Para a Fase de operación, que a viabilidade, a aplicabilidade nunha contorna operativa e o potencial impacto do produto son convincentes.

O responsable do contrato realizará informes intermedios de Fase e o Informe Final de Fase onde deberá cualificar o progreso do Socio durante cada fase e ao final dela e de acordo coas seguintes categorías:

A) Dende o punto de vista da finalización satisfactoria da fase (o responsable do contrato deberá comprobar o cumprimento dos requisitos definidos na cláusula 9.3.1.a):

- Avance Satisfactorio: o alcance e o contido dos esforzos técnicos realizados na fase responden aos compromisos contractuais.
- Avance Non Satisfactorio: o alcance e o contido dos esforzos técnicos realizados na fase non responden aos compromisos contractuais.

B) Dende o punto de vista da finalización con éxito da fase (o responsable do contrato deberá comprobar o cumprimento dos requisitos definidos na cláusula 9.3.1.b):

- Evolución exitosa: A evolución do proxecto e/ou da solución desenvolvida axústase aos obxectivos da fase e non se necesitan recomendacións.
- Evolución prometedora: A evolución do proxecto e/ou da solución desenvolvida axústase aos obxectivos da fase; con todo, realízanse recomendacións de mellora cuxa implementación se considerará obrigatoria.
- Evolución non exitosa: A evolución do proxecto e/ou da solución desenvolvida non consegue as melloras planificadas canto á innovación ou funcionalidades ou carece de viabilidade técnica ou comercial; con todo, o equipo de supervisión considera que a situación pode ser reversible, realizándose recomendacións de mellora cuxa implementación se considerará obrigatoria. Cando o responsable do contrato considere que a situación non é reversible, recomendará que o socio sexa excluído ou non sexa convidado a concorrer á seguinte fase.

O responsable do contrato remitiralle o informe final de fase sobre ambos os extremos ("finalización satisfactoria" e "finalización con éxito") ao Órgano de contratación, quen resolverá o que proceda.

9.3.2 CONTROL E SEGUIMENTO DA FASE DE DESPREGAMENTO, IMPLEMENTACIÓN OU

ADQUISICIÓN

Esta fase rexeráse polas normas correspondentes ao contrato de servizos de que se trate en cada lote, polo previsto nos presentes pregos e polo propio contrato.

Durante a negociación fixaranse as condicións a que deberán axustarse as actuacións de despregamento e as adquisicións, despregamentos ou implementacións derivadas.

9.4 INTEGRACIÓN NO MARCO DA CIVIL UAV INITIAVE

O adxudicatario deberá integrarse no marco do conxunto de actores e proxectos que forman a Civil UAVs Initiative, asumindo as obrigacións que diso derivarán para el, canto a sistema de gobernanza, avaliación, monitorización, seguimento de riscos, comunicación e, en xeral, participación activa nas distintas actividades internas e externas da Civil UAVs Initiative.

9.5 PARTICIPACIÓN DO INSTITUTO NACIONAL DE TÉCNICA AEROESPACIAL

O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (en diante INTA) é un Organismo Público de Investigación (OPI) de acordo co disposto na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, co carácter de organismo autónomo, adscrito ao Ministerio de Defensa, a través da Secretaría de Estado de Defensa. Exerce actividades de investigación científica e técnica, así como de prestación de servizos tecnolóxicos, e está especializado na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, de carácter dual, nos ámbitos aeroespacial, da aeronáutica, da hidrodinámica e das tecnoloxías da defensa e seguridade.

O INTA foi un actor clave no lanzamento da Civil UAVs Initiative. A súa participación na iniciativa responde a varios roles diferentes, cuxas actividades deben quedar claramente diferenciadas co obxectivo de garantir a transparencia e a boa gobernanza da presente iniciativa.

Por iso é necesario aclarar, por unha banda, os distintos medios, recursos e infraestruturas aos que os licitadores poderían acceder no CIAR e, por outra banda, os servizos tecnolóxicos que o INTA pode prestar como organismo público de investigación adscrito á Administración estatal e como operador no mercado (Real Decreto 925/2015, do 16 de outubro, polo que se aproba o seu Estatuto).

Neste sentido, ningún licitador poderá contratarlle ao INTA medios, recursos ou infraestruturas que sexan propias do CIAR (que se atopan detalladas no Anexo VII).

Nin o INTA nin a Xunta de Galicia poderán influír, nin limitarlle o acceso a estes recursos, medios e infraestruturas a ningún operador económico, sempre que este aboe, se procede, os prezos establecidos pola Comisión Mixta XUNTA-INTA para o uso do CIAR.

Os licitadores non deberán incluír nas súas propostas ningún compromiso de contratación do CIAR, senón simplemente describir o uso que farán del (equipos, infraestruturas, horas, etc.) e ter en conta nas súas propostas os posibles custos da súa utilización.

Con todo, o INTA —como Organismo Público de Investigación— poderá ser subcontratado por calquera operador económico nas licitacións, prestando servizos diferentes aos establecidos para o CIAR (Anexo VII). A posible participación do INTA, no marco de cada proposta, será valorada cos mesmos criterios e en igualdade de condicións que a participación de calquera outro organismo ou centro de investigación.

9.6 AVALIACIÓN E MONITORIZACIÓN DA CIVIL UAVs INITIATIVE

O adxudicatario deberá establecer un sistema de reporte de información sobre os resultados, efectos e impactos do proxecto desenvolvido, que deberá integrarse co sistema de avaliación e monitorización da Civil UAVs Initiative.

9.7 IDENTIFICACIÓN E SEGUIMENTO DE RISCOS

O adxudicatario deberá establecer un sistema de identificación e seguimento de riscos, que deberá integrarse co sistema de identificación e seguimento de riscos da Civil UAVs Initiative.

9.8 CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

A empresa contratista queda expresamente obrigada a realizar os seus traballos baixo as cláusulas do segredo profesional e, en consecuencia, a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos que lle sexan confiados ou que sexan elaborados no desenvolvemento do proxecto.

De conformidade coa Disposición adicional 25.^a da LCSP, os contratos que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RXPd), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e a normativa complementaria.

Detállanse as condicións que rexen este tratamento no Anexo VIII.

9.9 ESTRATEXIA INTEGRAL DE DATOS DA CIVIL UAVs INITIATIVE.

Os datos ou bases de datos que se xeren ou obteñan no marco da execución do contrato, por exemplo, como consecuencia do uso de softwares e programas incorporados aos UAV, a outras solucións ou a realización de operacións, deberán integrarse na Estratexia de Datos da Civil UAVs Initiative.

Esta Estratexia integrará e xestionará os datos xerados nas fases de I+D, incluíndo a experimentación, e na fase de despregamento ou adquisición das solucións tecnolóxicas resultantes dos contratos. Considéranse de especial interese para a Iniciativa e a Xunta de Galicia os datos obtidos nas operacións de voo (datos xeográficos, territorio de Galicia, masas forestais ou marítimas, etc.).

Para estes efectos, os socios estarán obrigados á cesión dos citados datos ou bases de datos para o seu tratamento de acordo coa citada Estratexia. A Xunta de Galicia resérvase a titularidade destes datos para o seu tratamento “aberto”, dado o seu interese público e en prol da maior difusión e promoción da Iniciativa.

9.10 PARTICIPACIÓN DA ENTIDADE ADXUDICATARIA NO SANDBOX DE ROZAS

A participación nesta licitación implica a colaboración co Sandbox de Rozas, incluíndo as seguintes actividades que os adxudicatarios deberán cumprir durante a execución do contrato:

- Informes de necesidades regulatorias e de impacto: o órgano de contratación, á vista dos resultados obtidos nas operacións realizadas durante a fase de investigación e desenvolvemento ou das actuacións levadas a cabo durante a fase de adquisición, implementación ou despregamento,

poderalle solicitar ao contratista a elaboración de documentación específica sobre o coñecemento técnico xerado en relación co desenvolvemento normativo do sector dos UAV.

- Grupos de traballo: o adxudicatario deberá participar nos grupos de traballo que organice a Xunta de Galicia para analizar e avaliar a actividade del Sandbox de Rozas. En particular, os adxudicatarios colaborarán e contribuirán á redacción da documentación que os grupos de traballo lles remitirán ás autoridades lexislativas, para a adaptación da normativa vixente con base nas experiencias comprobadas no marco dos proxectos desenvolvidos.

9.11 GARANTÍAS DE PRODUTOS E SERVIZOS RESULTANTES

Durante a negociación determinaranse os prazos mínimos de garantía, tanto para os resultados da fase de investigación e desenvolvemento dende a súa finalización, como tamén a garantía mínima para os produtos e solucións resultantes.

Se durante o prazo de garantía se acredítase a existencia de vicios ou defectos na prestación do obxecto do contrato, o órgano de contratación terá dereito a reclamarlle ao contratista a súa emenda.

Rematado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase reparo ou denuncia, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

9.12 FORMA DE PAGAMENTO

Durante o proceso de negociación concretaranse os fitos e a forma de pagamento, nos termos previstos na cláusula 9.3.

9.13 PROPIEDAD DOS TRABALLOS

Os dereitos de propiedade industrial e intelectual sobre os novo bens e as tecnoloxías desenvolvidas no ámbito deste contrato, cederanse ao contratista ou socio.

As partes recoñecen que a titularidade sobre os dereitos da propiedade industrial e intelectual que protexen os compoñentes tecnolóxicos da solución a desenvolver lle corresponden ao socio.

Daquela, o contratista ten a potestade do exercicio en exclusiva dos dereitos de explotación dos compoñentes tecnolóxicos desenvolvidos en todas as súas formas e modalidades e, en especial, dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, a nivel mundial.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, as partes acordan por medio deste procedemento de contratación a concesión a favor de GAIN dunha licenza de uso non exclusiva e gratuíta e coa facultade para sublicenciar a terceiros nos seguintes termos:

- GAIN manterá en calquera caso e durante un prazo ilimitado os dereitos de uso e modificación sobre os novo bens e tecnoloxías desenvolvidas, para os procesos de implantación interna e mantemento e integración con outros sistemas corporativos, aínda que en ningún caso esta capacidade de uso e desenvolvemento sobre os resultados da contratación se empregará con fins comerciais, nin directos nin por medio de acordos con terceiros durante o primeiros cinco anos, a contar a partir da finalización do contrato. Unha vez transcorrido este prazo, a Administración contratante poderá

empregar, se fose o caso, o desenvolvemento achegado para promover os novo proxectos de innovación con resultados comerciais.

- Uso da marca ou marcas comerciais rexistradas dentro do contexto da explotación dos proxectos da Administración contratante, con carácter indefinido.
- Uso dos elementos tecnolóxicos e contidos que integran os produtos con carácter indefinido con disposición para:
 - Reproducir, distribuír, transformar e comunicar publicamente.
 - Acceder ao código fonte/códigos fontes, documentación técnica e todos os elementos necesarios para permitir o correcto funcionamento no tempo do produto desenvolvido.

Así mesmo, no referente ao mantemento e evolución ou mellora da solución innovadora, o contratista comprométese a ofrecerlle o servizo a GAIN nas condicións máis favorables, por ser o primeiro cliente.

No que respecta aos resultados da fase de investigación e desenvolvemento, o socio garantirá que a tecnoloxía desenvolvida é orixinal e responderá de todas as reclamacións que puidesen presentar terceiros en relación coa súa titularidade, así como dos danos e prexuízos que se lle reclamen a GAIN.

O socio asumirá todas as responsabilidades e custos derivados do proceso de explotación e comercialización dos produtos e servizos, e evitará calquera reclamación contra GAIN por vulnerar os dereitos de terceiros. En particular:

- Entre outras medidas, logo de formalizarse a asociación (e ao comezo de cada unha das fases) o socio entregarálle ao órgano de contratación unha declaración responsable na que se recolla toda a información relativa á propiedade intelectual e industrial previa en relación ao proxecto, garantindo a plena disposición sobre este, xa sexa a titularidade ou licenzas de uso.
- O socio deberá informar tamén a GAIN de calquera nova propiedade intelectual ou industrial xerada no ámbito do proxecto. Informarase, así mesmo, de todos os resultados con potencial comercial, sexan ou non patentables.
- O socio garantirá que a tecnoloxía ou solución desenvolvida durante o presente contrato é orixinal e que responderá de todas as reclamacións que puidesen ser formuladas por terceiros en relación á súa titularidade, así como dos danos e prexuízos que poidan causar a GAIN por tales motivos.
- Deberanse establecer os procedementos necesarios para asegurar que a xestión de todos os resultados e información do proxecto se realizan de forma independente a outras actividades de I +D non cubertas polo obxecto do contrato.
- Previo á publicación de resultados, deberán identificarse aqueles patentables e proceder ao seu rexistro naqueles casos nos que sexa viable.

Para garantir a efectiva e debida protección da actividade innovadora xerada no desenvolvemento do proxecto, as partes obríganse a adoptar as medidas e cubrir todas as documentacións que sexan razoablemente requiridas. Para estes efectos, as partes acordan que se procederá á protección rexistral das denominacións finais do produto como marca e nome de dominio, e o contratista asumirá o rexistro, mantemento e defensa fronte a terceiros, así como os gastos destas actuacións.

No seu proceso de promoción e venda, o contratista poderá empregar como cliente de referencia a GAIN, agás que estea expresamente indicado o contrario.

GAIN poderá recibir unha contraprestación polos beneficios que se deriven da explotación da solución e consistirá nunha porcentaxe dos beneficios derivados da explotación e recollida da oferta do contratista. Estas regalías liquidaranse anualmente sobre a base dos ingresos que por este concepto figuren nas contas anuais auditadas do socio, quen deberá comunicarlle a devandita información ao órgano de contratación no prazo de cinco días dende a aprobación das contas anuais e proceder ao pagamento das regalías no prazo dun mes dende a data de aprobación destas contas anuais.

No presente contrato, os socios e GAIN comparten interese na comercialización e implementación estable das solucións demandadas. Daquela, se aos cinco anos do seu rexistro o socio non explotou nin realizou esforzos en explotar comercialmente a propiedade intelectual e industrial xerada dentro do proxecto, ou o está a facer en detrimento do interese público, o órgano de contratación resérvase o dereito de recuperar os dereitos sobre a propiedade intelectual ou industrial xerada. A este respecto, o órgano de contratación poderá pedirlle información ao socio para confirmar a efectiva e adecuada explotación dos DPI por parte destes. En concreto, aínda que non exclusivamente, considerarase que se está actuando en detrimento do interese público no caso de que os contratistas que finalicen o servizo e dispoñan dun produto comercializado non participen en posteriores licitacións que a Xunta de Galicia convoque para os efectos de contratar os produtos, tecnoloxía ou solución resultantes da presente contratación.

En todo caso, GAIN terá a capacidade de desenvolver un sistema para o mantemento interno sen fins comerciais.

No caso de incluír tecnoloxías ou desenvolvementos propios da oferta, o contratista estará obrigado á cesión do código fonte das solucións achegadas nas condicións anteriores, así como da súa documentación para garantir a posibilidade de mantemento e evolución da base instalada en GAIN.

A modificación por parte de GAIN das tecnoloxías propias que poidan ser achegadas polas entidades licitadoras non poderá ter resultados comerciais.

Ademais, GAIN en calidade de primeiro cliente e usuario pioneiro, dispoñerá da capacidade de desprezar o sistema e elementos desenvolvidos dentro da contratación en todas as instalacións e equipos que se requiran para a prestación dos servizos públicos competencia da Administración autonómica, e quedará exenta en calquera caso do pagamento en concepto de licenzas ou regalías sobre os produtos desenvolvidos.

Para o suposto de que o socio decida renunciar aos DPI obxecto do contrato deberá notificarllo ao órgano de contratación como mínimo seis meses antes de que expire o título da propiedade do correspondente DPI. O socio transferirá o DPI en cuestión a quen sexa designado polo órgano de contratación.

9.14 CONTROL E REINVESTIMENTO DOS BENEFICIOS ECONÓMICOS OBTIDOS NO MARCO DO PRESENTE CONTRATO

Unha vez finalizado o presente contrato e, durante o tempo en que a Administración participe dos ingresos da explotación da solución desenvolvida, os contratistas que finalizasen con éxito a fase de demostración deberán remitirlle en cada exercicio fiscal ao órgano de contratación un informe de seguimento dos ingresos

de explotación da solución creada, xunto cun informe, en cada exercicio fiscal realizado por un auditor independente inscrito no ROAC ou organismo equivalente, acreditativo dos ingresos declarados. Tal informe realizarase a cargo do contratista.

De acordo co disposto no artigo 36 da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, o órgano de contratación, coa finalidade de fomentar a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, o investimento nos resultados da investigación e a súa valorización, así como de lograr a mellora dos servizos públicos vinculados ao presente contrato, poderá dispoñer da realización de novos investimentos ou reinvestir os beneficios obtidos no presente contrato, nas condicións que se pacten coas empresas titulares de dereitos de propiedade intelectual e industrial adxudicatarias do presente contrato sempre que dispoña dunha participación nos beneficios derivados da comercialización e os dereitos de propiedade intelectual e industrial permanezan total ou parcialmente no adxudicatario.

Para estes efectos, á vista do plan de evolución e desenvolvemento tecnolóxico dos produtos obtidos, así como doutras melloras identificadas para alcanzar resultados de mercado que as empresas titulares dos dereitos de propiedade intelectual presenten, e despois dunha análise da viabilidade e do mercado a través dun procedemento obxectivo coa participación de expertos independentes, GAIN poderá, nas condicións que se pacten, formalizar operacións de financiamento dos desenvolvementos tecnolóxicos obxecto do presente contrato, a cambio dunha participación nos beneficios resultantes da súa comercialización acorde coas cantidades achegadas. Tales operacións deberán contar previamente con informe da Axencia Galega de Innovación, de conformidade co disposto na disposición adicional sétima da Lei 5/2013, do 30 de maio.

Así mesmo, entre as condicións de financiamento figurará, en todo caso, o dereito de uso ilimitado e de modificación por GAIN sobre os novos bens e tecnoloxías desenvolvidos, aínda que esta capacidade de uso e desenvolvemento sobre os resultados non será empregada, en ningún caso, con fins comerciais pola Administración autonómica e o seu sector público directamente ou por acordo con terceiros.

Para os efectos previstos neste apartado, poderase crear un proxecto de gasto para o desenvolvemento tecnolóxico, que incluíra os produtos dos beneficios derivados dos contratos públicos formalizados no marco da Civil UAVs Initiative, os beneficios obtidos das operacións de financiamento previstas neste artigo, así como as cantidades que poidan ser orzadas, se procede, pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou o seu sector público autonómico.

9.15 PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da execución do contrato, suspender a súa execución, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións nel por razóns de interese público, nos casos e na forma prevista na Subsección 4.ª da Sección 3.ª do Capítulo I, do Título I, do Libro Segundo da LCSP. Nas modificacións do contrato estarase ao disposto nos artigos 203 e seguintes da LCSP, e de acordo co procedemento dos arts. 191 e 207 LCSP.

9.16 ENXEÑERÍA DE VALOR (Value engineering)

1. Definición: Enxeñería de valor

A suma de actividades e accións, co obxectivo de asegurar que o contratista cumpra coas súas obrigacións de modo que aumente o valor engadido da Administración contratante. Estas actividades e accións apuntan ao desenvolvemento innovador, á organización eficaz e/ou eficiente do proxecto ou solución.

2. Ordes de cambio e enxeñería de valor

2.1. No caso de que o contratista ofrezca menos traballo que o estipulado no contrato, o aforro debe ser compensado cos pagamentos pendentes por parte da administración contratante. O contratista está obrigado a informar e dialogar con GAIN sobre calquera circunstancia que poida conducir a menos traballo.

2.2. Non obstante o disposto no apartado 2.1, os aforros que se realicen a través da Enxeñería de Valor, sobre a base dunha “proposta de prioridade” aceptada por GAIN, serán compartidos igualmente entre a Administración contratante e o contratista.

2.3. O contratista presentará a GAIN nas condicións e prazos fixados no contrato, unha proposta escrita baseada na Enxeñería de Valor.

A proposta conterá polo menos a seguinte información:

- (i) unha descrición das actividades que formarán o obxecto da Enxeñería de Valor;
- (ii) o cambio nos parámetros do cálculo do Custo Total de Propiedade (TCO), como consecuencia directa da enxeñería de valor, así como unha análise do aforro estimado para o tempo restante do contrato;
- (iii) unha análise de risco relacionado coa implementación da Enxeñería de Valor e a descrición das medidas de prevención ou mitigación previstas;
- (iv) un resumo das cláusulas do contrato que necesitan ser modificadas como consecuencia da Enxeñería de Valor, e unha visión xeral das razóns polas cales estes cambios son necesarios;

2.4. O contratista deberá expoñer oralmente e explicarlle a GAIN a proposta mencionada na sección 2.3 dentro dos 20 días hábiles seguintes á data de presentación inicial. GAIN poderá aceptar ou rexeitar a proposta (emendada), despois da súa presentación. O rexeitamento da proposta por parte de GAIN non terá ningunha consecuencia no cumprimento das obrigacións contractuais por parte do contratista.

2.5. A frecuencia, demais características e prazos para a presentación desta proposta estableceranse durante a negociación e recolleranse no contrato.

3. Resolución do contrato

3.1. Sen prexuízo do seu dereito a resolver o contrato con base na lexislación aplicable, GAIN terá dereito a resolver parcial ou totalmente o contrato, aviso previo de incumprimento cun período de emenda de 10 días, a condición de que o contratista non cumpra coa súa obrigaçón de presentar unha proposta de Enxeñería de Valor, como se describe anteriormente.

3.2. A parte que resolveu o contrato terá dereito a indemnización polos danos que puidese ocasionar a resolución, salvo en caso de forza maior.

9.17 CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

O servizo será prestado directamente polo socio adxudicatario, excepto no caso de cesión e subcontratación do contrato, no que se estará ao disposto nos artigos 214 e 215 da LCSP.

9.18 PENALIDADES

O detalle do réxime de penalidades e deducións asociadas á dispoñibilidade e á calidade da prestación do servizo, así como ao incumprimento, por acción ou omisión, dalgunhas das condicións e requisitos sinalados no presente prego ou na LCSP, establecerase durante o proceso de negociación e recollerase no contrato. O citado réxime deberá respectar o disposto na presente cláusula.

En todo caso, o órgano de contratación só poderá impoñer penalidades previa motivación, documentación do incumprimento e logo de ofrecida audiencia do interesado durante un prazo mínimo de 5 días naturais, de acordo coas diferentes causas que o motivaron. A determinación ou non da infracción e a imposición da penalidade valorarase, conforme criterios de proporcionalidade e equidade, en función da súa gravidade, reincidencia e prontitude na súa corrección.

Todo incumprimento contractual cometido polo contratista clasificarase, atendendo aos anteriores criterios, en leve, grave ou moi grave e será penalizado coas seguintes contías:

- **Incumprimentos contractuais leves:** de entre o 1 % e o 3 % do prezo de adxudicación do contrato.
- **Incumprimentos contractuais graves:** do 3,01 % ao 5 % do prezo de adxudicación do contrato.
- **Incumprimentos contractuais moi graves:** do 5,01 % ao 10 % do prezo de adxudicación do contrato.

En todo caso, consideraranse:

- a) **Incumprimentos contractuais leves:** todos o que non estean tipificados como incumprimentos contractuais graves ou moi graves.
- b) **Incumprimentos contractuais graves:**
 - A incorrecta execución técnica das prestacións obxecto do contrato.
 - A reiteración ou reincidencia de dous (2) incumprimentos leves consecutivos nun tempo equivalente a metade da duración do contrato.
- c) **Incumprimentos contractuais moi graves:**
 - O incumprimento, reiterado en máis de dúas (2) ocasións, do obxecto do contrato ou a incorrecta execución técnica das súas prestacións.
 - A reiteración ou reincidencia de dous (2) incumprimentos graves consecutivos nun tempo equivalente a metade da duración do contrato.
